



MANUAL

PARA HERDEIROS

FORESTAIS

2024

PRÓLOGO

Benvinda e benvido ao mundo dos herdeiros forestais galegos. Se te atopas na situación de ter recibido a responsabilidade de xestionar as propiedades forestais familiares, neste manual vas atopar as respostas necesarias para poder comezar. A través dos diferentes capítulos poderás obter os coñecementos básicos para logo afondar en función das túas necesidades e inquiredanzas.

O legado recibido mestúrase coa responsabilidade e o compromiso de continuar coa xestión, e a través das páxinas deste Manual, serás protagonista do que significa continuar coa tradición, ser garda dos bosques, conservar a natureza e ser un líder na xestión sostible das terras forestais.

Neste momento difícil, onde os bosques se atopan ameazados debido ao abandono da xestión, o cambio climático, e a falta de ferramentas para o propietario forestal, é imprescindible apostar por unha xestión forestal activa máis que nunca. Este Manual, ademais de dotarte de coñecementos sobre biodiversidade, lexislación, os ciclos da xestión, tamén te vai animar a que sexas un axente do cambio, podendo, xunto outros moitos propietarios e xestores, facer da Galicia forestal, un lugar próspero social, ambiental e economicamente.

Ser unha herdeira ou herdeiro forestal vai máis alá do feito de facerse coas propiedades, implica un compromiso activo coa conservación e manexo sostible dos recursos naturais. Animamos a todos e todas a activarse nese sentido, e recomendamos sempre o asesoramento técnico e profesional que ofrecen as oficinas de consultoría técnica forestal, especialistas industriais do sector e asociacións como BIOeco2, onde existe unha grande variedade de expertos en cada materia dos temas tratados no Manual de Herdeiros.

Ti tes o poder e a responsabilidade de salvagardar este legado para as xeracións futuras, este Manual vai ser o teu compañeiro fiable nesta viaxe, guiándote en cada acción para facilitar e comprender este mundo apaixonante.

Non queremos rematar este prólogo sen agradecer a Silvia Martínez Balseiro, propietaria forestal que tivo que afrontar este reto de forma independente, a xenerosa suxestión que nos fixo de elaborar este Manual, para que outros poidan afrontar o mesmo reto con mellores ferramentas.

O futuro dos nosos montes está nas túas mans, benvido ao emocionante e vital tarefa de ser un herdeiro forestal!



ÍNDICE

1. Motivación ao herdeiro. Beneficios da xestión forestal	5
1.1. Tes unha finca? Sácalle partido para o teu beneficio e o de todos!	5
1.2. De onde ven esta propiedade que herdei? Un pouco de historia	6
1.3. Situación na actualidade do uso da terra agrícola e forestal. Punto de partida. Ano 2024	7
1.4. Os beneficios da xestión forestal	8
1.4.1. Obtención de ingresos grazas a xestión	8
1.4.2. Beneficio social	14
1.4.3. Beneficio ambiental	15
2. Por onde comezar. Herdanza	17
2.1. Agora que xa sei que obtemos beneficios do monte .Que teño que facer para herdalo?	17
2.2. Veciñanza civil. Cal é a normativa que me aplica para herdar?	18
2.3. Sucesión intestada	19
2.4. Herdanza testada	21
2.5. Sucesión en vida	24
2.6. Adxudicación e partición da herdanza	25
2.7. Imposto de sucesións	28
3. Localización de fincas	31
3.1. Como localizo as miñas fincas?	31
3.2. Como tratamos unha finca recentemente localizada?	34
3.3. Unidades de medida en Galicia	35
4. Qué fago coa miña propiedade forestal. Limitacións e opcións	38
4.1. Cómo sei se a miña finca ou parcela é forestal?	39
4.2. Limitacións por rede de xestión de biomasa	40
4.3. Limitacións por distancias de plantación	42
4.4. Entón, onde podo plantar eucalipto?	43
4.5. Limitacións por patrimonio cultural. Restos arqueolóxicos, etc.	44
4.6. Limitacións por Patrimonio Natural	45
4.7. Limitacións por augas	46

ÍNDICE

5. Xestión	47
5.1. Introducción á xestión	47
5.1.1. Vocación do meu monte	47
5.1.2. Preparación do terreo	48
5.1.3. Plantación	49
5.1.4. Custes de xestión para iniciar os traballos de plantación e mantemento inicial	51
5.2. Aproveitamentos forestais	53
5.2.1. Usos e aproveitamentos dos montes	54
5.2.2. Xestión de cortas forestais	57
5.2.3. A venda da madeira	58
5.2.4. A solicitude de corta	60
5.3. Instrumentos de Ordenación ou documentos de Xestión Forestal	61
5.4. Elección da planta que vou producir	66
5.5. Figura do Silvicultor Activo	75
5.6. Rexistro de Masas Consolidada de Frondosas	75
6. Opcións de xestión agrupada	76
7. Opcións de xestión por terceiros	82
7.1. Arrendamentos e contratos con outras entidades	82
7.2. Banco de Terras	83
8. Certificación forestal	84
9. Servizos dos ecosistemas e proxectos de absorción de CO₂	86
9.1. Servizos dos ecosistemas e Mercado	87
9.2. Proxectos de absorción de CO ₂	89
10. Anexos	92

01

Motivación ao herdeiro.

Beneficios da xestión forestal.

1.1. Tes unha finca? Sácalle partido para tu beneficio y el de todos! —————

Os datos permítennos afirmar que as 2/3 do monte galego, (1.300.000 hectáreas), está composto por moitas pequenas parcelas dispersas pertencentes a múltiples propietarios, moitos **en situación de desconexión** coa xestión forestal, e coa forma de vida no rural que de xeito tradicional se veu dando ao longo do século XX, probablemente por múltiples motivos.

Esta situación non se da de xeito homoxéneo en Galicia, habendo concellos ou comarcas con maior actividade na xestión forestal, sen embargo é preciso que toda a sociedade galega saiba recuperar a ilusión e o compromiso coa oportunidade que ofrece a xestión dos bosques en beneficio de todos, comezando polo protagonista, o herdeiro forestal.

Cando se recibe unha propiedade, é probable que se perciba esta herdanza como unha carga, máis que como unha posible fonte de ingresos, sen embargo debe facernos sentir partícipes da tradición familiar e social.

Imos indicar neste MANUAL, diferentes ferramentas para que os propietarios creen valor para eles, xeren recursos económicos e axuden ao medio ambiente, en calquera lugar, tamaño e especie forestal utilizada.

Este manual de herdeiros abarca exhaustivamente case todas as situacións posibles, proporcionando unha guía integral e detallada, para asegurar unha administración suficiente do proceso, se fora preciso ampliar a información, podes contactar con profesionais especializados.

Como beneficia a xestión das parcelas de monte aos propietarios forestais e a sociedade en xeral?

DIRECTAMENTE

Beneficios económicos directos da venda de produtos madeireiros ou non madeireiros.

INDIRECTAMENTE

Neste MANUAL, e dirixidos aos propietarios e tamén sociedade en xeral. Mellorar a calidade de vida das poboacións locais, conservación da biodiversidade, solo, auga, recreo, a loita contra o despoboamento e fronte ao cambio climático, a prevención de incendios forestais, etc.

Non podemos esquecernos dos valores persoais, familiares ou sentimentais que cada herdeiro adquire, e que son fundamentais para o arraigo coa terra a que pertencemos.

Este Manual está composto por **temáticas clave** que son de interese a través de todo o proceso de obtención e posta en valor de unha propiedade. Recomendamos buscar no índice as necesidades de cada lector, e afondar nas cuestións onde se teñan maiores dúbidas ou necesidades a través da consulta con profesionais especializados.

1.2. De onde ven esta propiedade que herdei? Un pouco de historia —

A propiedade que herdaches chegou a túa familia probablemente tras séculos de aproveitamento dela como **foratarios**, (un foro era un contrato de arrendamento de longa duración. Consistía na cesión dunha unidade de explotación por parte do propietario da terra, normalmente dos mosteiros a un campesiño ou campesiños a cambio dunha renda, coa posibilidade de transmitila aos seus herdeiros ou incluso comprala).

Despois dos procesos da desamortización e a desintegración do réxime señorial, no século XVIII, iníciase o acceso do campesiño á plena propiedade da terra que culmina coa **Lei de Redención Foral** de 1926 de. Afirmando deste xeito o dominio útil do territorio no que construíran ao longo dos séculos un agro-sistema intensivo moi produtivo. Os labregos e labregas galegas modelaron a paisaxe coas súas mans ao longo de séculos de duro traballo, nunha terra que era propia pero non lles pertencía, ata que fai un século conseguiron a plena propiedade que agora ti estás herdando.




Máis recentemente é posible que grazas ao diñeiro da emigración dos teus antepasados próximos, ou ao seu esforzo e emprendemento, a propiedade acabase na túa familia finalmente.

1.3. Situación na actualidade do uso da terra agrícola e forestal.

Punto de partida. Ano 2024

Resulta que case todos os galegos somos propietarios de Galicia. Os datos do ano 2020 indican que 1,73 millóns de galegos son propietarios de terra (un 66% da poboación). Os galegos teñen de media 1,6 ha de terreo agrario ou forestal repartido en 5 ou 6 parcelas.

Sen embargo, cada vez máis propietarios das terras e da poboación do rural está abandonando a xestión do terreo e case non quedan coidadores da terra, fundamentalmente polos cambios socio económicos que se produciron.



Cambios no uso da terra dende 1962 a 2022

	Número de explotacións agrícolas
	% de superficie agrícola
	% poboación adicada a agricultura


Na gráfica seguinte podemos ver o número de explotacións e propietarios galegos, en termos **agrícolas** dende fai 60 anos (vemos un claro descenso no número de explotacións, de superficie traballada e uso económico agrícola da poboación).

Sen embargo, apreciase unha intensificación das explotacións agrícolas e gandeiras, cunha maior superficie unitaria por explotación, que emprega menos man de obra.

A mais clara consecuencia do **abandono** do rural, é un **aumento desordenado do material vexetal** presente no monte, o que implica un gran incremento do risco de incendios ademais de provocar unha perda económica. Tamén aumenta a superficie arborada en Galicia, especialmente de masas espontáneas de frondosas desordenadas e xeralmente sen aproveitamento principalmente pola falta de xestión.

O abandono da xestión non é uniforme, varía segundo localización no mapa de GALICIA.

LITORAL Urbano e rural urbanizado	INTERIOR SETENTRIONAL Rural agrícola e gandeiro	MONTAÑA INTERIOR Rural abandonado
Transformación das terras agrícolas en solo urbanizable e repoboacións de especies produtivas. Nesta zona mantense a poboación e mesmo se incrementa. Correspóndese coa zona de especies de crecemento rápido.	O músculo agrogandeiro atópase nesta área na que a superficie agrícola aumenta sobre terreo forestal, coexiste cunha zona na que destacan os cultivos forestais produtivos de diversas especies.	Despoboamento e abandono da superficie agrícola que fai que aumente o mato e as masas de frondosas autóctonas.



Un aspecto fundamental a ter moi en conta nas dinámicas da **xestión forestal galega** na actualidade, pode verse na **enquisa Alvariza 2022** (www.bikenta.com), na que de 6.000 propietarios que certificaron a súa xestión e venderon madeira, o 77% deles, viven no rural; é dicir, a xestión do monte segue a ser realizada na súa grande maioría dende o propio territorio rural e non dende poboacións máis urbanas ou dende as cidades.

Para un propietario que vive de actividades non vinculadas coa xestión forestal, ou nunca tivo relación directa coa xestión das propiedades familiares, recomendamos o contacto con profesionais especializados que ofrecen diversas opcións de xestión en función inquerencias ou necesidades de cada caso.

Gráficos do inventario forestal continuo de Galicia. Mostran dinámicas das poboacións, usos da terra e especies forestais utilizadas.

1.4. Os Beneficios da Xestión Forestal

Imos afondar nos beneficios da xestión forestal dende os conceptos de xestión forestal sostible, os cales fan manter o equilibrio entre a explotación dos recursos, conservación dos ecosistemas, o benestar social e a viabilidade económica a longo prazo. No punto 5 deste manual entraremos máis en detalle de certos aspectos que teñen que ver co aproveitamento forestal.

1.4.1. OBTENCIÓN DE INGRESOS GRAZAS A XESTIÓN

Á hora de obter beneficios económicos directos, o máis habitual é que sexan pola **venda de madeira** (para uso industrial, serra ou leña), aínda que non son os únicos como se verá máis adiante.

O valor económico depende fundamentalmente da **superficie** das propiedades, da súa produtividade, da dificultade para recoller os seus produtos (acceso, escabrosidade,...), da quenda, é dicir, a idade á que debe cortarse a madeira para non comezar a perder produtividade, e por suposto das especies forestais que se poñen a venda.

Os dous primeiros factores están relacionados co concepto de **Calidade de Estación**, entendendo como tal a capacidade dun lugar para sustentar o crecemento dunha determinada especie forestal e produtividade se falamos da produción de madeira.



Non menos importante é o terceiro factor, xa que sen un acceso axeitado, os custes de aproveitamento da madeira, incluíndo os de sacala do monte e pola ao pé de estrada (sobre todo en superficies pequenas de produción), poden contribuír a reducir considerablemente o beneficio económico.

Nun aproveitamento forestal, a quenda de corta das árbores, é un concepto fundamental: o tempo de espera idóneo antes da corta da madeira. Ven dado polo diferente ritmo de crecemento dos árbores, que, como as persoas, non crecen igual a calquera idade. Cando chega o momento no cal, o crecemento medio comeza a diminuír¹, dende o punto de vista produtivo convén renovar a plantación iniciando un novo ciclo. Isto pode ser moito mais importante do que o prezo no calculo dos ingresos. Canto máis curta sexa esa quenda, máis rápido se pode vender a madeira, o que inflúe en beneficios económicos máis rápidos. En especies de quenda máis longa, sóense facer cortas intermedias que axudan ao mantemento da plantación ata a corta final.

Por último, igualmente débese ter en conta a influencia dos **mercados** xa que, a semellanza de calquera outro produto, son susceptibles de experimentar variacións na súa dinámica en relación a oferta, a demanda e outras circunstancias que inflúen nos prezos que se pagan en orixe.

É por tanto preciso volver a incidir na necesidade de **consultar previamente ao persoal técnico** competente en materia forestal antes de iniciar calquera actividade, co fin de optimizar o posible aproveitamento en función das características do lugar, xunto con (non menos importante), o coñecemento do uso que se vai realizar co produto que estamos cultivando na industria transformadora, xa que isto condiciona de xeito moi importante o valor económico final que imos obter.

1. Por exemplo, no caso do eucalipto a partir da quenda (12-15 anos), comézase a reducir o crecemento medio preto de 6% cada ano. Así, termina por producirse 20% mais de madeira en 30 anos si se corta dúas veces (cada 15 anos) que si cortase só unha.

1. Aproveitamento madeireiro (produtos forestais de madeira)

Defínese coma o conxunto de operacións que comprenden desde a corta polo pé das árbores ata a extracción dos produtos do monte, incluída a xestión dos restos destas operacións. Para considerar a rendibilidade das diferentes producións de madeira, é fundamental coñecer os prezos que se manexan no mercado, pero é mesmo máis importante coñecer e xestionar a produtividade a través do cultivo e de evitar alongar a quenda de corta. Loxicamente, cuanto menor é a quenda de corta, o investimento mellora tamén desde o punto de vista financeiro. Na táboa seguinte amósanse as principais especies forestais de uso madeireiro en Galicia, e os valores medios de mercado (ano 2024) segundo o seu diámetro no momento da quenda:

Especie	Nome Común	Diámetro (cm)	Turno (anos)	Productividade (m³/ha ano)	€/Tm
<i>Eucalyptus globulus</i>	Eucalipto blanco	>10	12-16	10-30	25-35
<i>Eucalyptus nitens</i>	Eucalipto nitens	>10	12-16	18-40	20-30
<i>Pinus pinaster/radiata</i>	Piñeiro país/insigne	madeira <20	25-35	10-20	14-18
		rollizo 20-40			25-40
		rolla calidade >40			45-60
<i>Quercus robur*</i>	Carballo	>=30	80-100	5-10	30 - 100
<i>Castanea sativa*</i>	Castiñeiro	>=30	50-80	5-15	30 - 100
<i>Pinus sylvestris</i>	Piñeiro rubio	= a resto de piñeiros	30-60	7-15	

Para maior claridade, hai que considerar os investimentos necesarios e a rendibilidade que achega cada aproveitamento. Esta depende moito das características de cada monte e modelo de silvicultura aplicado. De acordo cun estudo da Asociación Forestal de Galicia titulado *Propostas para potenciar a sustentabilidade económica das explotacións forestais en Galicia (2021)*, "os modelos selvícolas do eucalipto seguen sendo polo xeral, os máis rendibles. As súas quendas de curta reducidas, a súa elevada produtividade e o baixo investimento que se necesita para instalar unha masa de eucalipto en moitas superficies son características que permiten chegar a obter taxas internas de retorno por encima do 10%, cunha taxa interna de retorno media de 5,82%" (páx.34). Esta mesma publicación recolle para as coníferas (páx.40) unha taxa de retorno media moi inferior: 0,63%. Finalmente, para as frondosas caducifolias (páx.50), o dato medio para os modelos selvícolas actuais resulta aínda menor, con excepcións como a produción de castaña, que se achegaría ao 7%. Por suposto todas estas medias calcúlanse a partir dun amplo abanico de situacións posibles e rendibilidades asociadas.

Con todo, hai modelos selvícolas que actualmente apenas se utilizan e que poderían constituír unha oportunidade para a diferenciación a través dunha silvicultura a longo prazo orientada a produtos de maior valor. No caso da madeira de Castiñeiro e Carballo, por exemplo, se houbese unha silvicultura axeitada para determinados usos como vigas, travesas, dúas de pipos, chapa, etc, os ingresos poderían ser superiores aos 200 €/m³.



2. Aproveitamentos non madeireiro (produtos forestais que non son madeira)

Son aqueles que comprenden a obtención de outros produtos dos bosques, como a cortiza, os pastos, a caza, os froitos, os fungos, as plantas aromáticas e medicinais, os produtos apícolas ou a resina.

Noutra orde de servizos que ofrecen os montes, susceptibles de ser monetizados, temos os sumidoiros de CO₂ e ingresos por conservación e mantemento de outros servizos dos ecosistemas. (Ver Punto 8 deste Manual).

A continuación valóranse aqueles que van ligados a produción madeireira e dos que se pode obter renda.

1. A produción de castañas é unha opción a hora de diversificar a produción forestal permitindo unha obtención de beneficios a curto prazo. Pódese chegar a obter entre 10 e 20 kg de froito por cada árbore cunha idade de 8-10 anos, mentres que na idade de madurez entre os 20-25 anos a produción pode acadar ata os 50 kg. En termos de superficie pódese obter un rendemento medio entre 2.000 e 3.000 kg/ha, xerando un beneficio de entre 3.000 e 4.000 € por hectárea nas zonas con boa aptitude, inda que é necesaria unha xestión pormenorizada e estar moito atento a posibles problemas sanitarios.
2. A produción de Cogomelos soe ir ligada a anterior nos soutos que contan con árbores micorizadas, existen ademáis especies concretas que se obteñen baixo piñeirais, outras frondosas, ou mesmo en prados. A produción de cogomelos oscila entre os 80 e 200 kg / ha, (500-



1500 €) nun outono, se as condicións ambientais son as propicias e se realiza a recolleita de forma adecuada.

3. O aproveitamento da resina en piñeirais pode supoñer a obtención de rendas a moi curto prazo. Realízase en masas cun diámetro a partir dos 20-25 cm, podendo acadar entre 1 e 3 kg por pe en cada tempada. O mercado experimentou unha alza considerable nestes últimos anos, pero o prezo de referencia entre 1-1,10 €/kg.

Débese consultar a profesionais para tomar a mellor decisión sobre a inversión e a obtención dun maior retorno económico.

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS: COMPARACIÓN IMPORTE A INCLUÍR NA BASE IMPOÑIBLE XERAL OU DO AFORRO POR TIPO DE RENDEMENTO OBTIDO

O imposto sobre a Renda das Persoas físicas (IRPF) é un tributo que deben pagar ó estado os cidadáns residentes en España. Grava a renda que se obtivo ó longo dun ano, tendo en conta as circunstancias persoais e familiares de cada persoa.

A renda do exercicio ten varios componentes (rendementos do traballo, rendementos do capital, rendementos de actividades económicas, ganancias e perdas patrimoniais). Este imposto é progresivo. Existe unha renda do aforro que tributa a unha porcentaxe menor (constituída polos rendementos que se obteñen dos aforros, das ganancias no valor do patrimonio, etc) e unha renda xeral que tributa conforme a unha escala.

Segundo isto, a tributación final no imposto sobre a renda dependerá do salario bruto, da situación familiar, da zona xeográfica na que se desenvolve o traballo, das circunstancias persoais e familiares, etc.

Os exemplos que se inclúen a continuación mostran o resultado do cálculo do IRPF para os beneficios producidos por un rendemento de 10.000 euros obtidos a partir de venda de madeira, inversión en Letras do Tesouro ou inversión en capital inmobiliario urbano. Non se ten en conta o resto de aspectos que poden influir na declaración da renda, xa que a casuística particular pode ser moi extensa. O que podemos observar é que en liñas xerais a tributación máis baixa corresponde ós rendementos obtidos por venda de madeira

CANTIDADES POLAS QUE DEBEMOS TRIBUTAR EN RENDA EN FUNCIÓN DO TIPO DE INVERSIÓN (FORESTAL, CAPITAL MOBILIARIO OU INMOBLES URBANOS).

RENDEMENTO ACTIVIDADE ECONÓMICA EXEMPLO VENTA DE MADEIRA POR PARTICULARES

Base imponible: **8.928,57 €**

IVA compensatorio REAGP (12%): **1.017,43 €**

Total: **10.000 €** Retención: **200 €**

A percibir: **9.800 €**

1. RENDEMENTO ACTIVIDADE FORESTAL SUXEITA A ESTIMACIÓN OBXECTIVA:

Este réxime poderá ser aplicado por contribuíntes asalariados por conta allea, xubilados, funcionarios, etc.

- **Periodo de corta superior a 30 anos nun monte sen plan de xestión aprobado.**

Rendemento neto previo:

$10.000 \text{ €} \times 0,13 = 1.300 \text{ €}$

Reducción carácter xeral (5%):

$1.300 \text{ €} \times 0,95 = 1.235 \text{ €}$

Reducción rentas irregulares (30%):

$1.235 \text{ €} \times 0,70 = \mathbf{864,50 \text{ €}}$

- **Periodo de corta inferior a 30 anos nun monte sin plan de xestión aprobado:**

Rendemento neto previo:

$10.000 \text{ €} \times 0,26 = 2.600 \text{ €}$

Rendemento neto da actividade =

$2.600 \text{ €} \times 0,95 = 2.470 \text{ €}$

Rendemento neto reducido total =

$2.470 \text{ €} \times 0,70 = \mathbf{1.729 \text{ €}}$

+ As retencións son pagos a conta que o pagador efectúa en nome do contribuínte, polo que se descontarán do importe a pagar do imposto.

2. RENDEMENTO ACTIVIDADE FORESTAL SUXEITA A ESTIMACIÓN DIRECTA:

No caso de que o contribuínte realice as súas actividades en estimación directa ten que tributar por este réxime na actividade forestal de forma semellante ó resto de actividades, aplicando o réxime xeral de IVE.

Por exemplo, no caso de profesionais liberais (avogado, procurador, veterinario, notario, ...) que teñen a obriga de acollerse ó réxime de estimación directa, tributarán do seguinte xeito:

Rendemento íntegro: 10.000 euros

Reducción por renda irregular (30%):

$10.000 \times 0,70 = 7.000 \text{ euros}$

O contribuínte poderá neste caso descontar ademais os gastos relacionados coa actividade.

+ No caso de explotación de fincas forestais xestionadas d'acordo con plans de xestión forestal, ordenación de montes, etc, sempre que o período medio de produción sexa igual ou superior a 20 anos, sobre o rendemento neto minorado aplicarase un índice corrector de 0,80.

En estimación obxectiva a tributación ascende a unha cantidade entre 864,50 euros e 1.729 euros en función do período de corta do arbolado

RENDEMENTO DE CAPITAL MOBILIARIO EXEMPLO LETRAS DO TESOIRO

As letras do Tesouro son activos financeiros polo que o importe obtido na venda da letra e o pagado na súa compra ten a consideración de rendemento de capital mobiliario que se gravará na renda do aforro. Aplicarase un tipo progresivo da seguinte forma:

Ate 6.000 €: **19 %**

Entre 6.000 € y 50.000 €: **21 %**

Entre 50.000 € y 200.000 €: **23 %**

Entre 200.000 € y 300.000 €: **23 %**

De 300.000 € en diante: **28 %**

Neste caso, supoñendo un rendemento de 10.000 €, o importe a integrar será de:

$6.000 \text{ €} \times 0,19 = \mathbf{1.140 \text{ €}}$

$4.000 \text{ €} \times 0,21 = \mathbf{840 \text{ €}}$

$1.140 + 840 = \mathbf{1.980 \text{ €}}$

A tributación ascende a unha cantidade de 1.980 euros

RENDEMENTO DE CAPITAL INMOBILIARIO EXEMPLO ALUGUER DE APARTAMENTO

Supoñamos o caso dun propietario dun apartamento que o ten alugado a un sobriño por importe de 10.000 €, cuns gastos xustificables (IBI, comunidade, seguros) de 1.000 € anuais. O seu valor de adquisición foi de 200.000 € e o seu valor catastral revisado é de 120.000 €.

RENDA A INTEGRAR NA BASE IMPOÑIBLE XERAL:

Rendimiento íntegro: **10.000 €**

Gastos: **4.000 €**

Justificados:

1.000 €

Amortización:

$(3\% \times 50\% \times 200.000)$

3.000 €

Rendimiento neto: **6.000 €**

Reducción (60 %): **3.600 €**

Rendimiento neto reducido: **2.400 €**

Rendimiento neto mínimo: **1.320 €**

(Por parentesco 3º grado, rendimiento mínimo $1,10\% \times 120.000 = 1.320$)

A tributación ascende a unha cantidade de 2.400 euros

1.4.2. BENEFICIO SOCIAL

No pasado, (séculos XIX e inicio do XX), cada recuncho de terra tiña un obxectivo moi concreto, a paisaxe era diferente (había moitísimos menos árbores)*, a produción era fundamentalmente para autoconsumo, venda ou troco de produtos nos mercados locais.

O traballo facíase de xeito manual, en colaboración entre veciños e familiares. Nas herdanzas, a repartición da propiedade era feita cada vez en **pezas máis pequenas** para poder conservar a fonte do recurso a todos os herdeiros, onde normalmente deixábase unha parte maior para o primoxénito ou beneficiario da casa familiar.

A configuración da distribución territorial rural galega, é debida ao modelo económico de varios séculos ata agora, así como a conservación no seo das familias desas propiedades, de labranza, toxeias ou montes. Un caso especial é a propiedade privada comunal, que deriva do uso común dos recursos do monte por parte dos habitantes dun lugar, pobo ou parroquia.



Debemos atopar un equilibrio entre o aproveitamento dos beneficios sociais e a distribución actual da propiedade (minifundio). Se o analizamos correctamente, tal como está configurada a propiedade, o minifundio fomenta a **cohesión social** porque involucra a moitos actores na toma de decisións de ámbito local e xestión do territorio. Socialmente, implica que practicamente todos os galegos poidan dispoñer de un espazo de terreo forestal para o seu beneficio.

Para poder adaptarnos mellor as dinámicas dos mercados, nacionais e internacionais, traballar na eficiencia social destas parcelas de minifundio a través das agrupacións de xestión implica un maior rendemento e eficacia comercial. Isto ten unha compoñente positiva en termos económicos, porque chegar a poder ter unha organización social en parcelas de minifundio provoca un aumento da riqueza e optimización dos diferentes cultivos optimizando recursos e aumentando beneficios. En termos sociais, promove obxectivos colectivos que dotan a sociedade de fortaleza e identidade.

Continuar coa xestión dende un punto de vista social, promove un sentido de pertenza e responsabiliza de xeito compartido o coidado do entorno, fomenta o diálogo, o contacto e o entendemento entre os veciños.

A xestión forestal **axuda a adoptar modelos de vida máis sostibles**, tendo máis relación co territorio e a natureza, que aporta sentimento de identidade para as novas xeracións. Débese traballar nestes conceptos para ilusionar e implicar aos sucesores nesta oportunidade que se lles presenta.

*. Máis aló de considerar que a inicio do s. XIX apenas había superficie arborizada en Galicia, só desde 1970 (primeiro inventario forestal nacional) ata o de agora, a superficie arborizada creceu case un 30%, pasando de 1.130.000 ha arborizadas a 1.457.000.

Precisamos unha volta a conexión co territorio, dende un enfoque moderno, pero sen perder a esencia de aquilo que nos fai únicos e sabios na xestión dos recursos naturais. Nestes anos onde se bifurca o recurso monte e o seu capital natural, Galicia dispón da esencia e das ferramentas necesarias para acadar o máximo potencial mediante **propostas de colaboración**, entre propietarios de parcelas veciñas, creando unha economía beneficiosa e sostible para as próximas xeracións.

Un beneficio transversal para as persoas que se sitúa entre o económico, o social e o ambiental é a **saúde**, física e mental que nos aporta a xestión, conservación e manexo dos bosques.

1.4.3. BENEFICIO AMBIENTAL

Galicia é un territorio moi adaptado a actividade humana. O 90% da superficie foi aproveitada dende o mais profundo da historia.

O abandono da xestión forestal que se ven acelerando nas últimas décadas, ocasiona cambios patentes na paisaxe e nos ecosistemas que o conforman. Unha das consecuencias deste un crecemento continuo e desordenado da biomasa que aumenta o risco de propagación dos incendios forestais. Pola contra, cando alguén asume responsablemente unha selvicultura para producir bienes e xerar beneficios, realízanse investimentos non só na produción, senón na defensa do monte para protexelos. A xestión forestal, promove polo tanto, a loita contra os perigos aos que se enfronta o territorio natural, e vai favorecer a conservación dos beneficios en termos ambientais que enumeramos a continuación:

Uso sostible dos recursos naturais:

A xestión forestal en termos ambientais, promove o uso sostible dos recursos naturais (terra, auga e bosques). O exercicio de economía circular implícito a xestión forestal garante que os recursos se atopen tamén dispoñibles para as xeracións futuras. Os seres humanos estamos intimamente ligados a natureza en termos de supervivencia da especie, porque pertencemos a ela. A súa conservación pode evitar pandemias coma o Covid19 ou permitir o uso de novos produtos e solucións para a sociedade, que aínda están por descubrir.



Mitigación do cambio climático:

As accións individuais tamén contribúen (dentro de un contexto de adopción destas prácticas positivas por todos os propietarios forestais), a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, preparándonos colectivamente para adaptarnos aos **impactos climáticos**, que serán cada vez máis frecuentes, constantes, e terán imprevisibles efectos sobre os ecosistemas e sociedade, incluíndo os efectos sobre as economías locais. Cultivando, xestionando e conservando as nosas masas forestais, conservaremos noso futuro e o dos próximos herdeiros e herdeiras.

A xestión de masas forestais impacta de xeito positivo na mitigación do cambio climático porque as árbores secuestran CO₂ atmosférico, fixándoo na súa estrutura.

Sen embargo se somos activos no fomento ou axuda para o crecemento das árbores mediante a utilización de técnicas silvícolas, correcto abonado, etc. Imos mellorar a capacidade de captación do carbono por parte desas masas arbóreas.



O uso de produtos de orixe madeira fai manter o carbono almacenado e redúcese a cantidade do mesmo na atmosfera, especialmente en produtos de longa duración. Estes produtos poden ser substitutivos de outros, como plásticos contaminantes e outros produtos baseados en hidrocarburos.

Conservación da biodiversidade:

Mediante a xestión forestal e o manexo das masas arbóreas, axúdase a protexer e conservar a diversidade biolóxica nos ecosistemas galegos. Se temos o coñecemento e información necesaria, podemos preservar especies en perigo de extinción ou vulnerables, a protección dos seus hábitats e outros hábitats naturais, e por suposto con accións activas podemos impactar na conservación de ecosistemas degradados por factores humanos directos ou derivados do cambio climático, etc.



Redución da contaminación:

A través de regulacións ambientais, as cales se deben adoptar, así como o uso de prácticas de xestión sostible, podemos reducir a contaminación do aire, auga e solo nos bosques galegos, especialmente onde existen captacións de auga, encoros, ou en bosques e montes periurbanos, onde podemos rebaixar os efectos das emisións humanas diarias e industriais. Os beneficios son directos sobre a saúde humana, calidade da auga, etc.

Os produtos procedentes dos bosques son na súa maioría renovables., reciclables e favorecen unha bioeconomía circular.



Fomento do turismo sostible:

Un beneficio directo en termos económicos da conservación ambiental, axudando a calidade do entorno natural, pode promover un turismo máis sostible, máis rendible, e reactivar economías baseadas na natureza que beneficien a propietarios e xeren un maior coñecemento e disfrute por parte dos usuarios para eles e as novas xeracións, máis conectadas coa natureza.



02

Por onde comezar. Herdanza.

2.1. Agora que xa sei que obtemos beneficios do Monte. ————— Que teño que facer para herdalo?

En primeiro lugar debemos saber se somos herdeiros dese monte ou parcela, e para isto temos que dar os pasos que se describen no seguinte gráfico:



O primeiro paso é solicitar o **certificado de defunción** do titular do monte. Para elo debes dirixirte ó Rexistro civil do lugar onde se produciu o falecemento. Podes atopar máis información na páxina web <https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-defuncion>.

Con este documento e o correspondente pago de taxas podes pasar ao seguinte paso:

- ✓ Solicitude do **certificado de actos de última vontade** para saber se o falecido outorgou testamento e en que Notaria se atopa depositado o último dos outorgados (o válido).



Para elo debes dirixirte ó Rexistro Xeral de Actos de última vontade dependente do Ministerio de Xustiza. Podes obter máis información no seguinte enlace <https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-actos-ultima>.

Se o falecido outorgou testamento, nel vanse identificar aos herdeiros.

Se non outorgou testamento vai a ser preciso primeiro identificar aos herdeiros segundo a lexislación de aplicación.

Imos nos apartados seguintes a debullar polo miúdo estas cuestións.

2.2. Veciñanza civil. Cal é a normativa que me aplica para herdar? —

Unha vez que sabemos se existe ou non testamento, debemos determinar que normas nos resultan de aplicación.

A normativa de aplicación e, en consecuencia, a forma de herdar, vai depender da veciñanza civil do defunto.

A veciñanza civil é un estado civil determinante da pertenza de unha persoa a un determinado territorio. Non debemos confundila coa residencia administrativa.

Nun primeiro momento todos temos a veciñanza por orixe, a mesma que correspondera ós nosos pais no momento do nacemento. Pero ao longo da vida a veciñanza civil pode cambiar de algún dos seguintes xeitos:

- Por opción, porque nós mesmos así o decidamos facendo a correspondente inscrición no Rexistro civil.
- Por residencia continuada durante dous anos manifestando expresamente a nosa vontade de facer o cambio, ou durante dez anos se non existe manifestación en contra.

A continuación, vemos a distribución territorial en España por veciñanzas:



2.3. Sucesión intestada


2.3.1. Que ocorre se NON existe testamento?

Cando non hai testamento, é a Lei a que define quen son os chamados a herdar. Segundo a vixente Lei de Dereito Civil de Galicia, teñen dereito a herdar as seguintes persoas por esta orde:

1. Fillos e descendentes

Os fillos herdan por "cabezas", e os seguintes descendentes (netos, bisnetos, etc.) por "estirpes", respectando sempre o usufruto a favor do cónxuxe se está vivo ou viva e non separado, de feito ou legalmente.

Que quere dicir isto? Que os fillos van a herdar sempre a partes iguais e os seguintes descendentes van a ter que repartirse entre eles a cota que correspondía ao seu proxenitor.



Exemplo:

María tiña tres fillos: Xan, Manolo e Lola. Por desgracia Manolo faleceu antes que ela pero deixoulle dous netos (Carlos e Uxía).

No momento do falecemento de María, ela non outorgara testamento e a súa herdanza estaba valorada en 100.000 euros.

Estes 100.000 euros temos que repartilos en tres partes de 33.333 euros cada un. Xan e Lola partirán por "cabezas" e corresponderalles unha parte íntegra de 33.333 euros para cada un. Pero Carlos e Uxía partirán por "estirpes" e terán que dividir entre eles a parte que correspondía a seu pai, quedando 16.500 euros para cada un dos fillos de Manolo, netos de María.

2. Pais e ascendentes

O pai e a nai herdan por partes iguais. Se só vive un deles herda todo. Se non vive ningún dos pais pero sobreviven os avós herdan eles partindo a herdanza por metades entre a liña paterna e materna, respectando sempre o usufruto a favor do cónxuxe se está vivo ou viva e non separado de feito ou legalmente.

3. Cónxuxe ou parella de feito

Ó cónxuxe, sempre que non estivera separado de feito ou legalmente corresponderalle a seguinte participación na herdanza:

- Se existen fillos ou descendentes: o usufruto sobre 1/3 da herdanza.
- Se non existen fillos ou descendentes, pero existen pais ou ascendentes do falecido: o usufruto sobre a metade da herdanza.
- Se non existen nin descendentes nin ascendentes: a totalidade da herdanza en propiedade plena.

As parellas de feito gozarán dos mesmos dereitos que o cónxuxe sempre que se atopen inscritas no Rexistro de parellas de feito e fixeran constar a súa vontade de equiparar os efectos ós do matrimonio.

4. Irmáns e sobriños

Ao igual que no caso dos descendentes, os irmáns reparten a partes iguais por “cabezas” e os sobriños por “estirpes”. Agora ben, se non queda xa ningún irmán vivo, os sobriños repartirán a partes iguais e non por “estirpes”.

5. Tíos carnaís do falecido ou falecida

A partes iguais.

6. Resto de parentes colaterais ata o 4º grao

Todos a partes iguais: primos, tíos segundos (irmáns dos avós da persoa falecida), e sobriños segundos (netos dos irmáns do falecido).

7. A Comunidade Autónoma de Galicia

NOTA: Se a persoa falecida tivera unha veciñanza civil distinta, haberá que revisar o previsto na normativa civil correspondente á veciñanza do/a defunto/a.

2.3.2. Como facemos para identificar aos herdeiros no caso de ausencia de testamento?

Compre realizar unha acta de declaración de herdeiros.

- ✓ Quen pode solicitala? Calquera que considere que ten dereito a herdar, segundo o previsto no apartado anterior.
- ✓ Onde se obtén o levantamento desta acta? Na Notaría, pero non rexe o principio de libre elección de Notario. Legalmente está establecida a seguinte prelación:
 - A Notaría do último domicilio ou residencia habitual da persoa falecida.
 - A Notaría do lugar onde estiba a maior parte do patrimonio do falecido.
 - A Notaría do lugar de falecemento.
 - A Notaría competente para actuar nun distrito de lindeiros ós anteriores.

Que documentación teño que levarlle ao Notario?

- Certificado literal de defunción.
- Certificado do Rexistro Xeral de Actos de última vontade, para acreditar que non hai testamento outorgado.
- Libro de familia ou certificados do Rexistro civil nos que se acredite a relación de parentesco co falecido.
- Se o falecido ou falecida estaba casado/a, certificado de matrimonio. E se o cónxuxe xa se atopa falecido, certificado de defunción do cónxuxe.
- Dúas testemuñas que coñeceran ó falecido e non teñan interese directo na herdanza.

A acta de declaración de herdeiros vai a determinar que persoas son as que teñen dereito a herdar de conformidade co que se indicaba no apartado anterior.

2.4.1 Herdanza testada.

2.4.1. Se o falecido ou falecida outorgou testamento, Como podo obter unha copia do mesmo?

O certificado de actos de última vontade indícanos a Notaría na que se atopa depositado o último testamento outorgado polo falecido. Só aquelas persoas que teñan dereito á herdanza poden solicitar unha copia do testamento. Para elo deben presentar o certificado de defunción, o certificado de actos de última vontade, o seu DNI e a documentación que poida acreditar a súa relación coa persoa falecida. E, por suposto, facer pago da copia simple que nos expida a oficina Notarial.

Con que nos podemos atopar no momento de apertura do testamento?

O defunto, na súa liberdade de testar, puido deixarnos os seus bens ou dereitos dalgún dos seguintes xeitos:

a) Como herdeiros universais: neste caso recibiremos todos os bens, dereitos, obrigas, responsabilidades e débedas que corresponderan á persoa falecida.

- Se somos o único herdeiro ou herdeira universal nomeado no testamento é aconsellable que fagamos unha aceptación de herdanza.
- Se somos varios herdeiros debemos acudir a unha partición da herdanza para asignarnos bens concretos. (Ver punto 2.6)

b) Como legatario: existen diversos tipos de legado pero no que se refire a fincas rústicas podemos atoparnos principalmente cos seguintes:

b.1) Legado de unha ou varias fincas concretas propiedade do defunto. Mediante este tipo de legado podemos adquirir a propiedade da finca rústica que se nos adxudique no testamento cos seus froitos pendentes, é dicir, coa madeira que poida existir na mesma. Se a madeira se atopaba xa vendida, antes do falecemento do testador, as cantidades percibidas corresponderán ós herdeiros e non ó legatario.

b.2) Legado dunha parte alícuota da herdanza: o falecido pode deixarnos tamén a través de legado unha parte proporcional da herdanza que non se concrete en bens específicos. Neste caso teremos que concorrer co resto de herdeiros na partición da herdanza, segundo o contido do Punto 2.6.

b.3) Legado de finca gravada. Pode ocorrer que a finca que nos adxudique o falecido se atope hipotecada ou empeñada para garantir o pago de algunha débeda pendente. O responsable do pago da débeda é o herdeiro, non o legatario. Se o legatario decidira pagar a débeda para liberar a finca, poderá despois reclamar estas cantidades ao herdeiro.

b)

b.4) Legado de finca ganancial: pode ocorrer que a finca que nos adxudiquen non sexa de propiedade exclusiva do falecido por ter o carácter de ganancial; (finca comprada polo falecido ou falecida en estado de casado en réxime de gananciais). Neste caso haberá que esperar á liquidación da sociedade de gananciais e percibiremos a parte ou a totalidade da finca que nesa liquidación lle fora adxudicada aos herdeiros do falecido.

c)

Como usufrutuarios: neste caso percibiremos o dereito de uso e desfrute de determinados bens mentres que dure o usufruto. O usufrutuario pode percibir os froitos dese inmovible. É dicir, pode vender a madeira ou percibir as cantidades correspondentes ó arrendamento desa finca, pero non pode dispor dela, nin por venta nin por herdanza.

O usufruto recollido en testamento recibe o nome de usufruto voluntario e poder ser temporal (cando se establece un límite temporal) ou vitalicio (cando se extingue co falecemento do usufrutuario).

É obrigatorio para o testador deixar unha parte da súa herdanza a determinados familiares ou parentes?

Si, é obrigatorio deixar unha parte da herdanza ós descendentes e cónxuxe. Son o que se coñecen como herdeiros forzosos ou lexitimarios.

Non debemos confundir os herdeiros legais cos herdeiros forzosos ou lexitimarios. Herdeiros legais son os que herdan a totalidade da herdanza en caso de que o falecido non tivera outorgado testamento. Pola súa banda os herdeiros forzosos ou lexitimarios son aqueles que teñen en todo caso dereito a herdar unha parte da herdanza, incluso en contra da vontade do falecido.

Se o falecido tiña veciñanza civil galega, son herdeiros lexitimarios os seguintes familiares, na proporción que se indica:

- * Os fillos e os descendentes de fillos premortos ou desherdados xustamente. A lexítima dos descendentes constitúe unha cuarta parte do haber hereditario líquido.
- * O cónxuxe viúvo non separado legalmente ou de feito. Neste caso a lexítima varía dependendo de se existen ou non descendentes do finado.
 - Se o falecido tiña descendentes, ó cónxuxe viúvo correspóndelle o usufructo vitalicio sobre unha cuarta parte da herdanza.
 - Se o falecido non tiña descendentes, ó cónxuxe viúvo correspóndelle o usufructo vitalicio sobre a metade da herdanza.

Vexamos uns exemplos:

CASO 1

Pedro, no momento do seu pasamento, era viúvo e tiña dous fillos, Antón e Xiana. Ambos son herdeiros lexitimarios ou forzosos e como tal, correspóndelles $\frac{1}{4}$ parte da herdanza a dividir entre ambos a partes iguais. Pedro só pode dispoñer libremente dos $\frac{3}{4}$ restantes. Se o haber hereditario líquido estivera valorado en 100.000 euros, a Antón e Xiana ten forzosamente que deixarlles 25.000 euros a repartir entre ambos, podendo dispor libremente dos 75.000 euros restantes.

CASO 2

Pedro, no momento do seu pasamento, está felizmente casado con María e ten dous fillos, Antón e Xiana. Todos eles son herdeiros lexitimarios. A Antón e Xiana correspóndelles a nuda propiedade sobre $\frac{1}{4}$ parte da herdanza e a María correspóndelle o usufruto vitalicio sobre esa cuarta parte da herdanza.

CASO 3


Pedro, no momento do pasamento, está felizmente casado con María, pero non ten descendentes. Neste caso correspóndelle a María o usufruto sobre a metade da herdanza, podendo Pedro dispor libremente sobre a núa propiedade da metade da herdanza e sobre a propiedade plena da outra metade.



Isto só é de aplicación cando o finado ou finada, ten veciñanza civil galega. Se tivera veciñanza civil común a regulación aplicable é substancialmente diferente.

No dereito común son herdeiros forzosos os seguintes:

- **Fillos e descendentes** – neste caso a herdanza divídese en tres partes: o terzo de lexítima, o terzo de mellora e o terzo de libre disposición. O terzo de lexítima corresponde a todos os fillos ou descendentes e o terzo de mellora pode o testador decidir a qué fillo/fillos ou descendentes llo adxudica. Só podería dispor libremente de $\frac{1}{3}$ parte da herdanza. Se existe cónxuxe, a éste correspóndelle ademais o usufruto sobre o terzo de mellora.
- **Pais ou ascendentes** – se non existiran fillos nin descendentes nin cónxuxe, ós pais correspóndelles a metade da herdanza. Se existe cónxuxe, ós pais só lles corresponde $\frac{1}{3}$ da herdanza e ó cónxuxe o usufruto sobre a metade da herdanza.
- **Cónxuxe** – cando o falecido outorgou testamento, non tendo fillos nin descendentes, debeu asegurarse de deixarlle ó cónxuxe viuvo ó menos o usufruto sobre as $\frac{2}{3}$ partes da herdanza.



■ Terzo de lexítima
■ Terzo de mellora
■ Terzo de libre disposición

¿Existen excepcións a esta regra xeral de ter que deixar parte da herdanza ós herdeiros forzosos?

Si, existen unha serie de casos nos que está permitido desherdar a un fillo ou cónxuxe. Son os seguintes:

- 1º.- Cando lle teña negado alimentos á persoa que outorga o testamento.
- 2º.- Cando o herdeiro teña maltratado de obra ou inxuriado gravemente ao testante.
- 3º.- No caso do cónxuxe, cando se produza o incumprimento grave ou reiterado dos deberes conxugais.

4º.- O que fora condenado por sentenza firme por ter atentado contra a vida, ou a pena grave por ter causado lesións ou ter exercido habitualmente violencia física ou psíquica no ámbito familiar ó testador, ó seu cónxuxe, persoa á que estivera unida por análoga relación de afectividade ou algún dos seus descendentes ou ascendentes.

5º.- O que fora condenado por sentenza firme por delitos contra a liberdade, a integridade moral e a liberdade e indemnidade sexual, se o ofendido é o testador, o seu cónxuxe, persoa á que estivera unida por análoga relación de afectividade ou algún dos seus descendentes ou ascendentes. Tamén o condenado por sentenza firme a pena grave por ter cometido un delito contra os dereitos e deberes familiares respecto da herdanza da persoa agravada.

6º.- O que fora privado por resolución firme da patria potestade, ou se lle tivera retirado o exercicio da tutela ou acollemento familiar dun menor ou do exercicio da curatela dunha persoa con discapacidade por causa que lle sexa imputable, respecto da herdanza do mesmo.

7º.- O que tivera acusado ó testador dun delito para o que a lei sinala pena grave, si é condenado por denuncia falsa.

8º.- O herdeiro, maior de idade que, sabendo da morte violenta do testador, non o tivera denunciado dentro dun mes á xustiza cando esta non tivera procedido xa de oficio, salvo que non tivera a obriga de acusar.

9º.- O que, con ameazas, fraude ou violencia, obrigara ó testador a facer testamento ou a cambialo.

10º.- O que, con ameazas, fraude ou violencia, impedira a outra facer testamento, ou revocar o que tivese feito, ou suplantase, ocultase ou alterase outro testamento posterior.

11º.- No caso de herdanza dunha persoa con discapacidade, as persoas con dereito á herdanza que non lle tiveran prestado as atencións debidas.



As causas de desheredación anteriormente previstas son de aplicación en caso de **veciñanza civil galega**. No caso de veciñanza civil común só son de aplicación as causas de desheredación enumeradas cos nº 4 a 11.

Qué podo facer se son un deses herdeiros lexítimos e non fun nomeado no testamento?

Se non incorrín en ningunha das causas de desherdanza anteriormente previstas, teño que reclamar o meu dereito á lexítima solicitando a redución da institución de herdeiro, e se con isto non fora suficiente para pagar a lexítima, solicitando a redución das melloras, legados e calquera outra disposición do testamento. Se non chego a acordo por vía amigosa co resto de herdeiros, teño que acudir a un proceso xudicial.

2.5. Sucesión en vida

Para as persoas con veciñanza civil galega é posible facer un pacto de mellora ou apartación, a través do cal pode ordenar en vida, antes do seu falecemento, a sucesión sobre bens concretos.

Estes pactos só poden facerse respecto de fillos ou descendentes e necesariamente deben constar en escritura pública formalizada ante Notario.

Que é o pacto de mellora?

É un acordo a través do cal se convén a favor de descendentes a sucesión sobre bens concretos. Existen dúas formas de levalo a cabo:

- **Pacto de mellora "con entrega de presente"**: neste caso a transmisión do ben ao beneficiario prodúcese no mesmo momento de outorgamento do pacto. Deste xeito o fillo ou descendente pode dende ese mesmo día dispoñer libremente do ben (vendelo, hipotecalo, arrendalo,).
- **Pacto de mellora "con entrega de futuro"**: neste caso a transmisión do ben non se fará efectiva ata o falecemento da persoa que outorga o pacto.

Que é o pacto a apartación?

É un pacto similar ao de mellora pero que se realiza con aqueles herdeiros que teñen a condición de lexitimarios. Ao herdeiro entréganselle uns bens a cambio de quedar excluído de xeito irrevogable, por si mesmo e para os seus descendentes, da condición de herdeiro forzoso.

É dicir, o herdeiro que asinou un pacto de apartación non poderá despois reclamar a súa lexítima no momento de falecemento do outorgante do pacto.

Isto non quere dicir que non poida recibir máis bens no momento de falecemento do outorgante. Só quere dicir que non poderá reclamar máis bens dentro da súa lexítima.

Pode ocorrer que o outorgante do pacto decidira deixarlle outros bens en testamento. E pode ocorrer tamén que non exista testamento pero que lle correspondan máis bens por aplicación das normas da sucesión intestada.

Sen embargo o outorgante pode decidir deixarlle máis bens en testamento ou, se non existe testamento, que non poidan corresponderlle máis dado o valor total da herdanza.

Que vantaxes ten a herdanza en vida?

A principal vantaxe deste tipo de pactos é que, a persoa que recibe a herdanza, benefíciase da redución por parentesco do Imposto de Sucesións. É dicir, non vai a ter que pagar Imposto de Sucesións polo valor de aqueles bens concretos que reciba que sexa inferior a 1.000.000 de euros. Só pagará polo valor que exceda desta cantidade.

As herdanzas en vida permiten tamén dinamizar o patrimonio, ó favorecer que os pais poñan bens en disposición dos seus fillos para que estes as poñan en valor.

2.6.1 A adxudicación e partición da herdanza

Xa sabemos quen son os herdeiros pero, que bens concretos lle corresponden a cada un?

Se non hai testamento temos que facer:

1. O inventario dos bens e dereitos da herdanza. (Ir ao punto 2.3 deste MANUAL)
2. Determinar a porcentaxe que corresponde a cada herdeiro no total da herdanza.
3. Facer lotes de bens para cada herdeiro, en función da porcentaxe que a cada un corresponda dentro da herdanza.

Se hai testamento:

É preciso ver o contido do testamento e/ou dos documentos que neste sentido puido deixar redactados o falecido. Podemos atoparnos con algunha das seguintes situacións:

1. Que o propio testador no testamento ou nun documento anterior ou posterior a este, deixara xa feita a partición da herdanza, indicando os bens ou dereitos concretos que lle adxudica a cada herdeiro ou legatario. Caben dúas opcións:

- a. Que o testador formalizara un contrato en vida cos seus posibles herdeiros efectuando a adxudicación dos bens que lles vai a corresponder no momento do falecemento do mesmo.
- b. Que deixara previsto no propio testamento os bens que corresponden a cada herdeiro ou conxunto de herdeiros, ou que puidera ter feito adxudicación de bens concretos a través de legados. Os cónxuxes, aínda que tiveran feito testamento por separado, poden facer un documento de partición conxunto e unitario no que deixen adxudicados todos os seus bens, tanto os privativos (os que son individuais de cada un) como os gananciais.

E se algún dos cónxuxes se arrepiñe e quere revocar a partición feita **PODE**, deixala sen efecto cando considere, incluso despois de falecido o outro cónxuxe.

E se algún dos cónxuxes precisa vender algún dos bens incluídos na partición **PODE** vender os seus bens privativos cando queira, pero os bens gananciais só vai poder vendelos co acordo do outro cónxuxe en caso de que este viva, ou con acordo dos herdeiros en caso de que o cónxuxe tivera falecido.

2. Que o testador nomeara a un contador-partidor encargado de realizar o inventario dos bens e dereitos e a posterior partición da herdanza.

As funcións principais do contador-partidor son:

- a. Confeccionar o inventario e evalúo dos bens: consiste en determinar que bens integran a herdanza e fixar o seu valor.
- b. Liquidar a sociedade de gananciais, en caso de que o defunto ou defunta estivera casado segundo este réxime.
- c. Elaborar o caderno particional: é o documento no que se efectúa o reparto dos bens entre os interesados na sucesión (herdeiros, legatarios e lexitimarios), en función da vontade expresada polo falecido ou falecida no seu testamento

Debe actuar con absoluta independencia e imparcialidade, tentando poñer de acordo aos partícipes na herdanza sobre o valor a atribuír ós bens e as adxudicacións a cada herdeiro.

Quen pode ser contador-partidor?

Pode ser contador-partidor calquera persoa maior de idade con capacidade legal que non teña interese na herdanza. O aconsellable, aínda que non indispensable, é que o contador-partidor teña certos coñecementos xurídicos e técnicos e conte con experiencia en asuntos sucesorios ou particións.

Excepción: Os testadores con veciñanza civil galega poden nomear contador-partidor ó cónxuxe supervivente, sempre que só se lle teña adxudicado na herdanza o usufruto universal.

Pode existir máis de un contador-partidor?

Sí, o testador pode nomear varios contadores-partidores. E pode facelo de calquera das seguintes maneiras:

- a. **De xeito mancomunado:** terían que facer a partición entre todos os nomeados ou facelo un só deles sendo autorizada polo resto. Se non existira acordo entre eles será válida a partición que conte co apoio maioritario dos contadores-partidores.
- b. **De xeito sucesivo:** neste caso noméanse varios contadores-partidores por orde sucesivo. A partición deberá facela o primeiro dos nomeados, salvo que renuncie, sexa incapaz ou tivera falecido no momento de facer a partición. A obriga de facer a partición pasará entón ó segundo dos contadores-partidores nomeados e así sucesivamente.
- c. **De xeito solidario:** Terán que ser requeridos todos os contadores-partidores nomeados, pero será válida a partición feita por un só deles, sempre que quedara como contador-partidor único por morte, renuncia expresa ou incapacidade dos restantes, ou sempre que acredite que notificou de forma fiable aos demais a súa aceptación do cargo e o propósito de partir, sen que ningún deles, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación, xustifique aceptar o cargo así como a súa vontade de intervir.

Enténdese que o nomeamento é mancomunado, salvo que se indique expresamente que o nomeamento é sucesivo ou solidario.

Poden os herdeiros renunciar ó contador-partidor que fora nomeado polo testador?

Sí, poden prescindir deste contador-partidor, sempre que exista entre eles acordo unánime.

3. Que o testador non tivera feito ningunha mención á partición dos bens entre os herdeiros.

Neste caso os herdeiros maiores de idade, os emancipados ou os legalmente representados poderán partir a herdanza do xeito que crean convinte.

Para levar a cabo este proceso teñen distintas opcións:

- a. **Adoptar acordos entre eles sen contar coa intervención de terceiras persoas.**
 - O acordo adoptado debe quedar reflexado nunha escritura pública feita ante Notario de partición de herdanza ou ser recollida en un documento privado asinado por todos os partícipes da herdanza.
 - O máis aconsellable é realizar escritura pública para así poder inscribir a nosa titularidade sobre eses bens no Rexistro da Propiedade.
- b. **Nomear contador-partidor.**
- c. **Xestionar conxuntamente a herdanza xacente,** sen facer partición.
- d. **Compra de dereitos hereditarios por algún dos herdeiros ou venda conxunta dos dereitos hereditarios a un terceiro.**

Que precisamos para facer o inventario e evalúo dos bens que integran a herdanza?

1. **Debemos identificar os bens, dereitos e débedas que integran a herdanza.** Podemos facelo a través dos seguintes documentos:
 - Escrituras públicas e documentos privados nos que se adxudiquen bens, dereitos ou débedas ao falecido (contratos de compravenda, aceptación e particións de herdanza, permutas, préstamos, etc.).

- Relación de bens inmobles a nome do falecido no Rexistro da Propiedade, así como as cargas que poidan ter.
 - Relación catastral de bens a nome do falecido.
 - Certificados bancarios nos que conste o saldo existente en contas bancarias ou fondos.
 - Certificado de contratos de seguro de cobertura de falecemento.
 - Permisos de circulación de vehículos.
 - Documentos referidos a inversións, etc.
- 2. Formación do inventario.** Realízase unha relación detallada dos bens, co seu valor estimado e as cargas que poidan ter.
 - 3. Presentación do inventario para a súa aprobación polos interesados.** Trátase de verificar que no inventario están incluídos todos os bens, dereitos e cargas da herdanza e que existe conformidade en canto ó valor atribuídos ós mesmos.
 - 4. Distribucións da herdanza,** segundo o contido do testamento ou a participación que a cada herdeiro corresponda por aplicación da lei en caso de herdanzas ab intestato (sen testamento).

2.7. Imposto sobre sucesións

É obrigatoria a súa presentación? Que prazo teño?

Sí, é obrigatoria a súa presentación. O prazo é de 6 meses contados a partir da data de falecemento.

Canto vou a pagar de imposto de sucesións?

A cantidade a pagar vai a depender principalmente das seguintes cuestións: o valor e tipo de ben adquirido por herdanza, o grao de parentesco co falecido ou falecida, e o valor total do noso patrimonio preexistente.

Determinación do valor do inmovible.

Este dato podemos obtelo na páxina web <https://www1.sedecatastro.gob.es/Accesos/SECAccvr.aspx>.

En ocasión podemos atoparnos con inmobles respecto dos que non figura o seu valor de referencia. Nestes casos debemos efectuar nós mesmos a valoración ou solicitar unha valoración previa á ATRIGA (Axencia Tributaria de Galicia).

Sobre o valor calculado da herdanza aplicaranse as correspondentes reducións e deducións. Respecto das propiedades forestais cabe a aplicación das reducións que a continuación se indican:

• Reducións por parentesco.

Nas adquisición por causa de morte, aplicaranse as seguintes reducións en función do grao de parentesco do defunto:

- Grupo I:** descendentes e adoptados menores de 21 anos: 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o descendente ou adoptado, co límite de 1.500.000 euros.
- Grupo II:** descendentes e adoptados maiores de 21 anos ou máis, cónxuxe, ascendentes e adoptantes: 1.000.000 euros.

- c. **Grupo III:** colaterais de segundo grado por consanguinidade (irmáns): 16.000 euros. Resto de colaterais de segundo grado, colaterais de terceiro grado e ascendentes e descendentes por afinidade (cuñados, sobriños por consanguinidade e políticos): 25.000 euros.
- d. Colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños (primos, resto de familiares lonxanos e estraños): non se aplica redución.

• **Reducións en función do tipo de ben: fincas rústicas e fincas forestais.**

Nas adquisición por causa de morte, aplicaranse as seguintes reducións en función do grao de parentesco do defunto:

1. Cando dentro do valor da herdanza se inclúe o valor de **fincas rústicas de dedicación forestal situadas en terreos incluídos na Rede galega de espazos protexidos**, e sempre que a persoa que o adquira sexa o cónxuxe, descendente ou adoptado, ascendente ou adoptante e colaterais por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao, practicarase unha redución do 95% do referido valor.

Pero a aplicación desta redución está condicionada ó cumprimento da seguinte esixencia:

A persoa que adquira a finca debe mantela durante os cinco anos seguintes ao devengo do imposto, salvo que dentro dese prazo a persoa adquirinte faleza ou a transmita en virtude de pacto sucesorio.

2. Cando dentro do valor da herdanza se inclúa o valor de fincas rústicas, practicarase unha redución do 99 % do referido valor cando concorran as seguintes circunstancias:
 - Que a adquisición corresponda ó cónxuxe, descendentes ou adoptandos, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ou afinidade, ata o cuarto grao incluído, de la persoa causante.
 - Que as fincas rústicas adquiridas non se atopen en situación de abandono ou, se o están, cambie esa situación no prazo de un ano dende a adquisición.
 - Que se manteñan as fincas adquiridas ó marxe dunha situación de abandono durante, ó menos, un prazo de cinco anos dende a súa adquisición ou dende o momento en que cambiou dita situación de abandono, salvo que o adquirente faleza dentro dese prazo.

As construcións que existan sobre este solo rústico, así como o parte de solo que ocupan, non van ser beneficiarias desta redución, salvo que no momento de adquisición ou no prazo do ano inmediatamente seguinte se incorporen a polígonos agroforestais, proxectos de aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta.

3. Redución pola adquisición de fincas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais con personalidade xurídica.

Neste caso practicarase unha redución do 99% do valor destas parcelas sempre que se manteña a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas. Para a aplicación desta redución deberase acompañar á declaración do imposto os xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusión de ditas parcelas na agrupación de propietarios forestais.

Unha vez aplicadas as correspondentes reducións, a cantidade a pagar é a resultante de aplicarlle á base liquidable o correspondente tipo impositivo:

Para os Grupos I e II:

Base liquidable Hasta euros	Cuota íntegra (euros)	Resto base liquidable Hasta euros	Tipo aplicable Porcentaje
0	0	50.000	5%
50.000	2.500	75.000	7%
125.000	7.750	175.000	9%
300.000	23.500	500.000	11%
800.000	78.500	800.000	15%
1.600.000	198.500	En adelante	18%

Para os Grupos III e IV:

Base liquidable Hasta euros	Cuota íntegra (euros)	Resto base liquidable Hasta euros	Tipo aplicable Porcentaje
0,00	0,00	7.993,46	7,65%
7.993,46	611,50	7897,45	8,50%
15.980,91	1.290,43	7.987,45	9,35%
23.968,36	2.037,26	7.987,45	10,20%
31.955,81	2.851,98	7.987,45	11,05%
39.943,26	3.734,59	7.987,46	11,90%
47.930,72	4.685,10	7.987,45	12,75%
55.918,17	5.703,50	7.987,45	13,60%
63.905,62	6.789,79	7.987,45	14,45%
71.893,07	7.943,98	7.987,45	15,30%
79.880,52	9.166,06	39.877,15	16,15%
119.757,67	15.606,22	39.877,16	18,70%
159.634,83	23.063,25	79.754,30	21,25%
239.389,13	40.011,04	159.388,41	25,50%
398.777,54	80.655,08	398.777,54	29,75%
797.555,08	199.291,40	En adelante	34,00%

Deste xeito obtemos a cota íntegra do imposto. Sobre isto debemos aplicar os seguintes coeficientes multiplicadores para determinar a cota tributaria.

Estes coeficientes dependen do patrimonio preexistente do declarante e do seu grao de parentesco co falecido:

Patrimonio preexistente (euros)	I y II	III	IV
De 0 a 402.678,11	1	1,5882	2
De más de 402.678,11 a 2.007.380,43	1	1,6676	2,1
De más de 2.007.380,43 a 4.020.770,98	1	1,7471	2,2
Más de 4.020.770,98	1	1,9059	2,4



03 Localización das fincas

Unha vez recibida a túa herdanza, pode suceder que, aínda que poidas ter uns títulos de propiedade que che indican aproximadamente a zona onde están as fincas, a localización destas **non sexa precisa**, sen saber con exactitude onde empeza e onde acaba a propiedade.

Deste xeito, é moi importante que se realicen esforzos, ás veces importantes, na localización das propiedades, xa que o coñecemento da situación sobre o terreo das parcelas é unha garantía para poder avanzar coa xestión correctamente e, por exemplo, reducir disputas polos límites.

3.1. Como localizo as miñas fincas?

A localización física das parcelas é fundamental, para iso debemos de poñer especial atención a certos elementos físicos: situación dos **marcos**, a situación dos **valos e muros** con respecto á pendente da ladeira, a existencia de presas ou levadas que no seu momento se utilizaban para o regadío, ou ben a existencia de ríos e regatos que definen a propiedade.

Se non somos capaces de identificar as nosas parcelas no territorio, todos os elementos físicos deben transformarse en formatos actuais de localización das parcelas, debemos identificalos mediante coordenadas nun **plano**. Polo tanto, se transformamos os marcos dunha leira ou parcela



forestal en coordenadas xeo-referenciadas que a definen, imos a ter a certeza de que no futuro non imos ter dúbidas na localización da finca nin se vai perder esta información.

Documentación que dispoño:

A primeira documentación na que nos debemos apoiar para localizar fisicamente unha parcela é a documentación **notarial ou privada de propiedade**. Esta pode ser complementada mediante a recuperación de documentación previa, que se pode atopar nos arquivos históricos provinciais, onde nos indica cales foron as modificacións anteriores. Pódese interpretar as modificacións que houbo en propiedades veciñas, así como a superficie orixinal descrita da parcela.

Seguidamente, debemos fixarnos na **cartografía catastral**, xa que é o sistema onde se sitúan cada unha das parcelas. A existencia dunha zona onde a cartografía catastral foi realizada con rigor, significa que as nosas parcelas van a poder ser recoñecidas con facilidade e seguridade. Deste xeito, para a localización das nosas parcelas, a primeira institución que debemos de visitar é a Xerencia do Catastro Provincial onde nos situemos, coa finalidade de obter unha relación das parcelas que presentan como titular catastral ao causante da herdanza.

O **Rexistro da Propiedade**, é a oficina onde se inscriben e anotan os actos e contratos relativos ao dominio e aos bens, e que define mediante coordenadas cada unha das fincas inscritas, sen dúbidas na delimitación da propiedade se os datos se atopan rexistrados correctamente. As dificultades aparecen cando a inscrición foi realizada fai varias décadas, xa que naquel momento non existía ningunha correlación con Catastro, nin as veces coa propia realidade física, o que pode derivar en erros de localización física no monte.

Se mediante as vías anteriores, aínda non localizamos fisicamente a parcela ou parcelas, existen outras alternativas onde se poida atopar información. Por exemplo no **catastro histórico**, ou ben en fotografías aéreas históricas como o "**voo americano**" entre os anos 1945 e 1968, que están a disposición dixital en visores específicos de internet. Con esta información podemos ver a situación dalgúns elementos das parcelas como, por exemplo, os muros de cerramento das parcelas traballadas naqueles anos no monte, debido a que naqueles anos, os montes estaban rasos e observábanse as infraestruturas. Nas ortofotografías actuais, con maior definición, a vexetación impide ver estes elementos con claridade.

Os pasos indicados ata agora, poden ser realizados por calquera propietario, ou buscar axuda nunha oficina técnica especializada, sobre todo no traslado da superficie declarada a realidade do terreo e aconsellarao para cada caso e circunstancia dos trámites a seguir. Pode poñerse en contacto en www.bioeco2.com ou noutras oficinas técnicas.

Unha vez que temos identificada e deslindada a parcela, é conveniente entaboar contacto cos veciños lindeiros, coa finalidade de que exista un acordo explícito con respecto aos límites, sobre todo se existiron no pasado dúbidas manifestas.

Un aspecto que non debemos de obviar, e que as veces resulta imprescindible é localizar a veciños do lugar, aldea ou parroquia que, ou ben recoñecen as súas fincas e por descarte podemos atopar as nosas,



ou mesmo poden axudarnos a localizar as parcelas familiares, se se trata de persoas maiores que traballaron esas terras xunto cos nosos familiares, e aínda conservan ese coñecemento.

O recoñecemento das parcelas catastrais mediante a colaboración e revisión dos veciños e veciñas sería unha labor de grande axuda para os herdeiros forestais. Sería preciso para unha mellor claridade na identificación de lindeiros a actualización dos datos catastrais por parte das administracións e xestores, aos titulares actuais, porque soen estar desactualizados a nome de pais, avós, etc.

Visores web que permiten unha identificación de fincas. Busca en liña.

Existen varios visores e páxinas web que nos poden facilitar o traballo da localización de fincas. É moi importante telas en conta e utilízalas para a correcta localización da finca así como de obter información relevante con respecto a propiedade, incluídas as figuras de protección, patrimonio, lei de augas ou incendios, etc.

Sede Electrónica de Cartografía Catastral.

<https://www1.sedecatastro.gob.es/Cartografia/mapa.aspx?buscar=S>

SIXPAC (Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas.

<https://sigpac.mapama.gob.es/fega/visor/>

Centro de Descargas do Instituto Xeográfico Nacional.

<https://centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas/buscador.do>

Visor de mapas da Xunta: Información Xeográfica de Galicia.

<https://mapas.xunta.gal/gl>

Xeoportal IDEE (Infraestrutura de Datos Espaciais de España).

<https://www.idee.es/web/idee/segun-tipo-de-servicio>

Visor do Rexistro da Propiedade.

<https://geoportal.registradores.org/>

Comparador de Ortofotos PNOA do IXN (Instituto Xeográfico Nacional).


https://visualizadores.ign.es/comparador_pnoa/

Sistema de Información do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA).

<https://siotuga.xunta.gal/siotuga/>

3.2. Como tratamos unha finca recentemente localizada?

Unha vez definida a situación exacta dunha parcela, pode ser necesario plasmar a realidade física sobre o plano. É probable que a parcela xa estea ben definida no catastro, pero de non ser así, existe un procedemento técnico para resolvelo, que consiste dunha actividade técnica na que mediante GPS e/ou Estación Total se debuxan os límites da parcela, así como outros datos físicos (marcos, elementos do físicos naturais ou artificiais). Logo mostramos a superficie, os lindeiros, a orientación, etc. Para realizar este traballo tamén é preciso coñecer a veciñanza, tanto para representala no plano, como para axudar a localizar perfectamente a propiedade.



Con esta información realízase a **Planimetría** e un **Informe de Validación gráfica** alternativa catastral asinado por un técnico ou técnica competente. A finalidade é realizar unha proposta de modificación da Cartografía Catastral que nos permita adecuar esta á medición topográfica realizada. Unha vez realizada a modificación ou actualización catastral poderíamos acceder ao Rexistro da Propiedade para cumprir e actualizar esta información referente aos bens adquiridos.

3.3. Unidades de medida en Galicia

As medidas de superficie dentro do conxunto de Galicia varían considerablemente tanto a grande escala (entre Provincias), como a pequena escala (entre os distintos concellos dunha mesma provincia). Debido a esta diferenza foi preciso a realización dun estudo que permitiu coñecer con exactitude o valor desas distintas medidas de superficie, para converter as unidades locais en medidas comúns, coma poden ser, os metros cadrados e múltiplos destes.

A medida máis estendida na xeografía galega é o **ferrado** que varía de acordo coa táboa adxunta dependendo do concello onde se sitúen as fínas. Sen embargo existen outras unidades tamén utilizadas, que se describen nas táboas seguintes:

Valor dos Ferrados Galegos en m ²					
Provincia da Coruña					
A Baña	528	Culleredo	444	Ozos dos Ríos	436
A Coruña	444	Dodro	420	Paderne	436
Abegondo	436	Dumbria	424	Padrón	420
Ames	639	Enfesta	639	Pino	436
Aranga	436	Fene	548	Pobra do Carmiñal	484
Ares	548	Ferrol	509	Poteces	524
As Pontes	548	Fisterra	424	Pontedeume	548
Arteixo	444	Frades	636	Porto do Son	480
Arzúa	536	Irixoa	436	Rianxo	484
Bergondo	436	Laracha	524	Ribeira	484
Betanzos	436	Laxe	524	Rois	424
Boimorto	536	Lousame	420	Sada	436
Boiro	484	Mañón	548	Sadurniño	509
Boqueixón	639	Mazaricos	424	Santa Comba	528
Brión	500	Malpica	524	Santiago	639
Cabana	524	Mesía	603	Santiso	536
Cabanas	548	Melide	536	Sobrado	536
Camariñas	424	Miño	548	Somoza	509
Cambre	444	Moeche	509	Teixeiro	536
Capela	548	Monfero	548	Teo	639
Carballo	524	Mugardos	548	Toques	536
Cariño	444	Muros	335	Tordoia	639
Carnota	400	Muxía	424	Touro	536
Carral	444	Narón	509	Trazo	640
Cee	436	Neda	509	Val do Dubra	640
Cerceda	639	Negreira	528	Valdoviño	509
Cedeira	509	Noia	420	Vedra	639
Cerdido	509	Oleiros	444	Vilamaior	548
Cesuras	436	Ordes	639	Vilasantar	536
Coirós	436	Oroso	639	Vimianzo	424
Corcubión	424	Ortigueira	444	Zas	424
Coristanco	524	Outes	396		

Ademais, nalgúns concellos da Provincia da Coruña, empréganse outras unidades:

- *En Rianxo, emprégase a Cunca que son de 35 m², un ferrado ten 12 cuncas.
- *En Boimorto, emprégase o Cuartillo que son 22,33 m².
- *En Rois, emprégase o Cuartillo que son 17,50 m².
- *Na Pobra do Caramiñal, emprégase a Cunca que son 40 m².

Valor dos Ferrados Galegos en m ²					
Provincia da Lugo					
A Fonsagrada	507	Guntín	436	Pol	496
As Nogais	625	Incio	559	Portomarín	671
Abadín	504	Láncara	629	Quiroga	465
Alfoz	714	Lourenzá	638	Rábade	436
Antas de Ulla	604	Lugo	436	Ribadeo	612
A Pontenova	504	Meira	514	Ribas de Sil	465
Baleira	714	Mondoñedo	612	Ribeira de Piquín	514
Barreiros	714	Monforte	489	Riotorto	504
Becerreá	578	Moterroso	604	Samos	559
Begonte	525	Muras	548	Sarria	629
Bóveda	489	Bavia de Suarna	650	Saviñao	559
Castro de Rei	629	Neira de Xusa	610	Sober	484
Carballedo	629	Negueira de Muñiz	507	Taboada	604
Castroverde	496	Ouro	548	Trabada	638
Cervo	725	Outeiro de Rei	436	Triacastela	430
Cervantes	553	Palas de Rei	604	Valadouro	714
Chantada	629	Pantón	489	Vicedo	548
Corgo	436	Páramo	559	Vilalba	546
Cospello	525	Paradela	559	Viveiro	548
Folgo do Courel	436	Pastoriza	504	Xermade	525
Foz	714	Pedrafita	576	Xove	725
Friol	436	Pobra do Brollón	465		

Ademais, nalgúns concellos da Provincia de Lugo, empréganse outras unidades:

- *En Riotorto, emprégase a Fanega que son 4 Ferrados.
- *En Riotorto, empréganse os Tegos, dos que 2 son 1 Ferrado.
- *En Riotorto, empréganse os Cuartillos, dos que 4 son 1 Tego.

Valor dos Ferrados Galegos en m ²			
Provincia de Ourense			
Terras adicadas a Viñedo		Terras adicadas a outros cultivos	
Ferrado	629	Ferrado	629
Cavadura	437	Tega	388
Xornal	194	Fanega	4141

Ademais, nalgúns concellos da Provincia de Ourense, empréganse outras unidades:

- *Na Porqueira, emprégase o Copelo que son 21 m² e a Tega varía e son 906 m².
- *Na Bola e en Celanova, emprégase o Copelo que son 20 m².
- *En Valeorras, emprégase a Maquía que son 120 m².

Valor dos Ferrados Galegos en m ²					
Provincia da Pontevedra					
A Lama	217	Forcarei	500	Pontecesures	420
A Cañiza	437	Fornelos	74	Pontesampaio	629
A Estrada	629	Gondomar	541	Pontevedra	629
As Neves	629	Lalín	536	Portas	629
Agolada	536	Marín	472 ou 584	Ribadumia	629
Arbo	437	Meis	629	Redondela	69
Baiona	539	Meaño	629	Rodeiro	536
Bueu	472	Moaña	472	Salvaterra	437
Caldas de Reis	672	Mondariz	432	Sanxenxo	429
Cambados	529	Moraña	648	Silleda	536
Campolameiro	629	Mos	497	Soutomaior	64
Cangas	472	Nigrán	541	Tomiño	629
Catoira	629	O Grove	629	Tui	497
Cerdedo	528	O Porriño	497	Valga	629
Covelo	264	Oia	482	Vigo	541
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilaboa	629
Cruces	536	Poio	629	Vilagarcía	545
Cuntis	629	Ponteareas	437	Vilanova de Arousa	672
Dozón	536	Pontecaldelas	629	Vilaxoán	603

Ademais dentro dos concellos da Provincia de Pontevedra, nalgúns tamén empréganse outras unidades:

- *No Morrazo e na Ría de Vigo , emprégase a Vara que son 7,37 m² no Morrazo e 4,57 m² na Ría de Vigo.
- *En Pontevedra, Caldas e Cambados, emprégase a Cunca que son 52,40 m².
- *En Godos e Saiar, emprégase a Cunca que son 56 m².
- *Na Estrada e Lalín, emprégase o Cuartillo que son 26 m² na Estrada e 22,34 m² en Lalín.
- *En Pontecesures, emprégase a Cunca que son 35 m².



04

Que fago coa miña propiedade forestal?

Limitacións e opcións

A continuación vanse tratar as limitacións sobre a xestión da propiedade para que sirvan de axuda a toma de decisión do propietario e así saber que pode facer co seu monte e como xestionalo correctamente.

Herdaches unha finca rústica e non queres que engrose os números de fincas en estado de abandono ou sen uso?. Queres pola a producir, polo teu interese e polo interese común?.

Unha vez localizada fisicamente a parcela (Apartado anterior), debemos saber **cal é a súa cualificación urbanística** dende o punto de vista do ordenamento territorial.



4.1. Como sei se a miña finca ou parcela é forestal?

Debemos asegurarnos que as parcelas herdadas teñen a consideración de monte ou terreo forestal.

Lei de montes de Galicia:

*"Enténdese por **monte ou terreo forestal** todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas."*



A miña finca **non será forestal** si se atopa en:

- Solo Urbano.
- Solo de Núcleo Rural.
- Solo Urbanizable Delimitado.
- Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.

Pero... seguro que non é agrícola? Porque antes tivo un uso agrícola.

Actualmente a Xunta traballa na elaboración dun **mapa de usos agroforestais de Galicia**, coa finalidade de servir de punto de partida para a planificación da ordenación e xestión de usos das terras agroforestais, que se vai complementar coa elaboración dun **Catálogo** que clasificará a totalidade dos terreos agroforestais en **agropecuarios** ou **forestais** en función da súa aptitude produtiva. Este Catálogo prevalecerá sobre calquera Plan Xeral ou clasificación previa e determinará os usos de toda a terra da comunidade.

En tanto non se elabora o Catálogo, os actuais usos da terra quedan "*bloqueados*", é dicir, o solo de especial protección agropecuaria ou forestal, manterá eses respectivos usos, en tanto que o Solo Rústico Ordinario (SRO), manterá o seu uso actual.

Un SRO que ten actualmente uso agrícola **non poderá** ter uso forestal. Pero, se o SRO leva polo menos 10 anos de abandono, entón pode considerarse forestal, ou ben cando cumpra con algún dos seguintes supostos:

- Que limite (limite fisicamente) con terreos forestais e se empreguen frondosas caducifolias.
- Que constitúan encraves de **ata 5 ha en superficie arborada**, usando frondosas caducifolias.



4.2. Limitacións por Redes de Xestión de Biomasa.

Unha vez confirmado o carácter forestal da propiedade, compre comprobar se a propiedade forma parte da rede secundaria de faixas de xestión da biomasa.

Para comprobar isto, pódese consultar un visor online da Xunta no que comprobar esta condición, sobre distintas bases de fotografía aérea e incluso usando a capa de Catastro.

<https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>



Unha parcela afectada por terreo incluído na faixa de xestión da biomasa, ten a obriga de **controlar o desenvolvemento da vexetación**, de xeito que non acumule combustible.

Ademáis de controlar a vexetación e acumulación de biomasa naquelas zonas que obriga a Lei, en novas reforestacións hai que ter tamén consideracións sobre a planta que se vai elixir. Quedan **prohibidas as repoboacións** coas especies arbóreas contempladas na disposición adicional 3ª da Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:


Especie	Nome común
<i>Pinus pinaster.</i>	piñeiro galego
	piñeiro do país
<i>Pinus sylvestris.</i>	piñeiro silvestre
<i>Pinus radiata.</i>	piñeiro insigne
<i>Pseudotsuga menziesii.</i>	piñeiro de Oregón
<i>Acacia dealbata.</i>	mimosa
<i>Acacia melanoxylum.</i>	acacia negra
<i>Eucalyptus spp.</i>	eucalipto

Tamén as seguintes especies arbustivas deben ser controladas (rozadas nas áreas de afección definidas); *Calluna vulgaris* (brezo, carrasca), *Chamaespartium tridentatum* (carqueixa), *Cytisus spp* (xesta), *Erica spp* (carrascas), *Genista spp* (xesta, piorno), *Pteridium aquilinum* (feitas, fento), *Rubus spp* (silvas), *Ulex europaeus* (toxo).



4.3. Limitacións por distancias de plantación.

A Lei de Montes tamén **limita a elección de especies**. Inclúense as especies forestais en no "Anexo 1" e "resto de especies", para repoboar nos terreos forestais indicando as **distancias** que deben respectar cada unha delas.



a	Con parcelas forestais	2 metros
b	Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c	Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies
d	Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies
e	Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1; no resto de especies, 4 metros en xeral, e 6 metros nos concellos declarados como zona de alto risco
f	Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g	Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental
h	Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros no resto de especie
i	Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	
j	Con cámpings, gasolinas e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies

4.4. Entón, onde podo plantar eucalipto?

Pode plantarse eucalipto onde con anterioridade existise eucalipto, que ocupase máis de un 80% da masa forestal da parcela, e sempre que se cumpran as excepcións desenroladas a continuación e que indican que especies se permiten utilizar en novas reforestacións e que limitacións se lles atribúen as mesmas.

Non pode plantarse eucalipto (Segundo a lei de montes de Galicia, Artigo 67), en terreos **poboados previamente** con especies do **Anexo I** (e dicir, frondosas autóctonas, pino silvestre e teixo).

Esta prohibición, vese reforzada coa **moratoria do eucalipto**, disposición transitoria 9ª da lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla que ata **decembro do 2025**, o eucalipto só poderá plantarse nas parcelas forestais **nas que xa sexa a especie dominante**:



2. Con carácter transitorio, ata o 31 de decembro de 2025 as reforestacións con especies do xénero *Eucalyptus* unicamente estarán permitidas cando a ocupación anterior do terreo obxecto da reforestación constituíse unha masa pura ou mixta dominante deste xénero, e sempre e cando as plantacións anteriores se realizasen respectando o disposto na lexislación sectorial vixente.

Unha **excepción** para poder realizar unha nova plantación con eucalipto, dáse no caso dun propietario que teña unha masa dominante de eucalipto con mais da metade da superficie ocupada por pés maiores de eucalipto e queira trasladar ese uso a outra parcela, dedicando a parcela orixinal a outras especies forestais (coníferas ou frondosas caducifolias).

b. Repoboacións que, en superficie, sexan equivalentes a outras xa existentes e que teñan unha ocupación dominante de individuos do xénero *Eucalyptus*, e cuxos titulares decidan transformalas noutras formacións específicas, sexan masas de coníferas ou de frondosas caducifolias. Estas repoboacións deberán cumprir o disposto nesta lei e no resto da lexislación sectorial vixente, e a nova superficie de repoboación pertencerá ao mesmo titular e non poderá superar aquela que foi obxecto de transformación. En todo caso, será necesaria autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terreo forestal.

No caso de parcelas que teñan unha **ocupación maioritaria de eucalipto**, e que se queiran replantar, será precisa autorización previa se a ocupación do eucalipto é **superior ao 50% e inferior ao 80%** do total da masa. Estas porcentaxes deben poder ser demostradas tecnicamente.

3. Para os efectos do indicado nos números anteriores, entenderase por dominante aquela ocupación que, dentro da mesma parcela catastral, supoña unha porcentaxe de pés maiores do xénero *Eucalyptus* superior ao 50 % do total da masa. Para estes efectos, consideraranse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. No caso de que a ocupación do eucalipto sexa superior ao 50 % e inferior ao 80 % do total da masa, será necesaria autorización previa emitida polo órgano territorial competente en materia de medio rural onde radique o monte ou terreo forestal.

Igualmente, poderase solicitar autorización perante o mesmo órgano para aquelas parcelas poboadas con pés do xénero *Eucalyptus* que estean a ser xestionadas consonte a adhesión a modelos silvícolas orientativos EG2 ou EN2 cuxo obxectivo de xestión sexa a produción de madeira para serra, chapa ou bateas en quendas superiores a vinte e cinco anos.

A moratoria estará vixente ata decembro do 2025, podendo ser revisada antes, unha vez a Xunta teña os datos do inventario forestal continuo de Galicia

5. A data establecida nos anteriores números 1 e 2 desta disposición poderá ser obxecto de revisión con base nos datos consolidados obtidos polo inventario forestal continuo de Galicia e na revisión das medidas establecidas no Plan forestal de Galicia 2021-2040.

OUTRAS LIMITACIÓNS

Podemos comprobar outras limitacións que afectan a nosa parcela, e que son de aplicación dependendo das especies forestais usadas ou incluso de xeito xeral para todas.

Revisando os visores do Plan Básico Autonómico, <https://mapas.xunta.gal/visores/pba/> no que se cargan as capas sobre afeccións que clasifican solo rústico de especial protección.

4.5. Limitacións por Patrimonio cultural. Restos arqueolóxicos, etc. —



Se a nosa finca se atopa afectada por bens do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que nela se fagan **deberán estar debidamente autorizadas** pola consellería competente, así se recolle na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

O contorno de protección debe manterse cos seus valores ambientais, polo que as intervencións que se realicen deben resultar harmoniosas coas condicións características do ámbito. Deberán procurar a súa integración en materiais, sistemas construtivos, volume, tipoloxía e cromatismo, así como garantir a contemplación adecuada do ben.

Unha vez autorizada á repoboación, haberá que cumprir o ditame de Patrimonio no que respecta as actuacións á realizar. Se ten dúbidas pode consultar a un técnico forestal.

Dependendo da importancia do ben afectado poden requirir un **control arqueolóxico** da actuación (corta, repoboación), tendo que presentar antes do inicio dos traballos un proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola DXPC. Este traballo corresponderalle a un titulado superior de estudos de prehistoria e arqueoloxía

4.6. Limitacións por Patrimonio Natural

Se a túa finca se atopa dentro **dun espazo natural protexido pola Lei de patrimonio natural** de da biodiversidade de Galicia, debes saber que a xestión forestal nela deberá rexerse polos principios de aproveitamento sustentable, de conservación e de mellora do patrimonio natural. Nestes terreos prevalece a protección ambiental, e rexe o principio de precaución nas intervencións que poidan afectar ao patrimonio natural ou a biodiversidade.



Cando a túa finca estea dentro dun espazo protexido e se pretenda facer nela unha repoboación forestal, será preceptivo solicitar unha autorización ao órgano autonómico competente.

Obviamente as novas repoboacións terán como prioridade o mantemento ou mellora do estado de conservación dos hábitats ou especies de interese comunitario. Contemplando a paisaxe como un dos obxectivos principais a conservar.

Resumindo, as novas repoboacións que se efectúen en Rede Natura 2000 deben cumprir:

- Favorecerán o mantemento ou mellora do estado de conservación favorable dos hábitats ou especies de interese comunitario
- Manterán as paisaxes e mesmo as actividades sustentables que as modelaron.
- Non deben xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais.
- **Non se poden utilizar** especies alóctonas (de fora), como Eucaliptos, pinos alóctonos, *Pseudotsuga*, *Quercus rubra*.
- En zona de protección do ecosistema de bosques, deben aumentar a superficie dos mesmos e buscar a conectividade entre masas arborizadas.

4.7. Limitacións por augas

Se a nosa finca se atopa na chamada zona de policía (100 metros de largo medidos horizontalmente a partir do leito), debe solicitar da Xunta de Galicia a correspondente autorización na (Sede electrónica Xunta de Galicia):

Procedemento: AU113A. AUTORIZACIÓN DE OBRAS OU TRABALLOS NO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO OU ZONA DE POLICÍA DE LEITOS.

No artigo 81 do *Real Decreto 665/2023, de 18 de julio, por el que se modifica el Reglamento del Dominio Público Hidráulico*, establécense os condicionantes ás autorizacións a plantacións para aproveitamento forestal en zonas de policía.

- As autorizacións concederanse por un período máximo igual ao ciclo vexetativo da especie correspondente (o que dura unha árbore ata que se corta).
- Non poden realizarse obras que alteren o relevo natural.
- O titular da autorización é responsable de non alterar as condicións de drenaxe, retirada de ramas ou árbores, así como deseñar a plantación para minimizar o risco de asolagamento.
- Na autorización, o Organismo de Conca establecerá as distancias de protección e seguridade coa canle para evitar a degradación do ecosistema fluvial, minimizar o impacto sobre os recursos hídricos e o risco de obstáculos e caídas de árbores en caso de inundación.
- Non se pode eliminar a vexetación autóctona de ribeira existente.

Actividades admitidas dentro de unha Autorización ou unha Declaración Responsable para a zona de policía de dominio hidráulico	
AUTORIZACIÓN	DECLARACIÓN RESPONSABLE
Zona policía de cauce (100 metros)	Cortas menores (< 10 Tn / < 20 estéreos DE LEÑA)
Repoboacións de aproveitamento forestal	Para corta de exóticas invasoras
Duración autorización para unha quenda da especie (unha corta)	Para corta de árbores mortas/ caídas no leito, perigosas
Sen alteracións do relevo natural (prohibido)	Para xestión da biomasa por incendios
Que non impida o fluxo da auga en caso de inundación. (prohibido)	Para plantación de árbores autóctonas
Con condicionantes de distancia ao cauce, (ver distancias de plantación a 5 metros)	



05 Xestión

5.1. Introducción á xestión forestal

A xestión forestal en Galicia significa adoptar prácticas e accións específicas relacionadas coa administración sostible dos recursos forestais. O título aborda dende os principios básicos da silvicultura ata as políticas de conservación ambiental e uso do territorio para estes fins. Neste apartado imos tratar de xeito detallado os aspectos máis importantes para iniciarse na xestión forestal sostible, dende o punto de vista dos obxectivos que queremos obter e cos seus custes medios.

5.1.1. Vocación do meu monte

A vocación forestal dun terreo ou monte, onde queremos realizar unha plantación, refírese a idoneidade natural para o crecemento e desenvolvemento de especies arbóreas. Este concepto ten en conta diversos factores que se repiten noutros puntos deste Manual, como son o clima, a topografía do terreo (orientación, pendente), a altitude, o tipo de solo ou a dispoñibilidade de auga. Un terreo cunha forte vocación para un determinado uso ou especie forestal, proporciona as condicións

óptimas para o desenvolvemento saudable das árbores, e tamén facilita a formación de ecosistemas forestais estables e produtivos.

Recoñecer a vocación forestal nunha determinada área é fundamental para poder realizar a planificación e actividades da xestión forestal sostible.

En caso de dúbidas, é posible contactar cun técnico para que indique cal é a vocación forestal do teu monte, de xeito que non se cometan erros na inversión. Ademais da vocación teórica dos usos dese monte, hai que ter en conta os aspectos xa definidos anteriormente, como son lexislacións aplicables, incendios, moratoria do eucalipto e outras limitacións.

A continuación imos indicar os procesos que interveñen na adaptación e preparación das parcelas para realizar o inicio da xestión forestal.

Estas indicacións son xerais, e van requirir de adaptación en función das especies que imos querer cultivar en cada caso, e o uso que lle queremos dar. Vai influír tamén o estado inicial das parcelas, superficie, posibilidade de mecanización, marcos de plantación, tipo de abono, etc.

5.1.2. Preparación do terreo

Nos traballos previos a plantación debemos adecuar o terreo, preparar o solo para realizar a plantación e asegurarnos de que este traballo se realiza con todas as garantías de éxito. Debemos comezar por eliminar a vexetación de competencia en toda a superficie a reforestar, e ao mesmo xeito aportamos material vexetal o solo para que sexa rico en nutrientes.

Comezamos coa eliminación da matogueira, recoméndase usar un tractor de potencia mínima 110 CV equipado cunha rozadoira de cadeas ou martelos que corta a parte aérea da matogueira.



O labor será un roza da matogueira a feito ou por faixas e sempre que non existan afloramentos rochosos que impidan a súa utilización, sendo nestes casos a roza manual con rozadora mecánica. O tractor avanzará por curvas de nivel ou por máxima pendente, segundo sexa máis adecuado en función da orografía do terreo. Imos tratar de deixar unha altura máxima de mato ou vexetación arbustiva que non supere os 10 cm de altura.

Subsolado en liñas:

Consiste no arrastre dun ripper ou uña de metal coa maior profundidade posible. É conveniente levantar o ripper periodicamente coa finalidade de non crear continuidades que poden dar lugar a erosión. O normal sería deixar liñas de 4 metros entre as liñas de subsolado coa finalidade de permitir o paso de maquinaria que logo realice rozas entre as árbores e favorecer os aproveitamentos.

Apertura de buratos:

Consiste na extracción de terras, mediante escavación de cavidades de dimensións apropiadas para permitir o desenvolvemento e expansión folgada das raíces da planta. Os obxectivos que se perseguen son:

- Facilitar a penetración e o desenvolvemento das raíces no terreo durante os primeiros anos tras a plantación.
- Aumentar a capacidade de retención de auga no solo mediante unha mellora na infiltración, diminución da escorrentía superficial e aumento da profundidade efectiva do chan (especialmente útil nestes terreos).
- Aireación das capas co chan e ruptura da estrutura mediante o seu abrandado, co fin de evitar perdas por evaporación da auga infiltrada.
- Facilitar as labores de plantación.

Os buratos realizaranse de forma manual mediante ferramentas manuais ou con maquinaria lixeira apropiada. Un xeito habitual é a introdución de unha ferramenta pesada con punta afiada, onde con movementos circulares abrandan e, sen dar volta os perfís do solo, abren o espazo de colocación da planta e abono. Inicialmente realízase un marcado de foxos sobre o terreo nos puntos nos que se localizarán as plantas, segundo as posicións e densidades establecidas (marco de plantación).

Os buratos deben ser traballados de xeito que se obteña un foxo de forma cúbica de dimensións 0,460 x 0,460 x 0,460 m, depositando a terra extraída ao bordo do foxo, previa eliminación de pedras e desfecendo os terróns de terra compacta.

A apertura de foxos realizarase cando exista o suficiente tempero no chan, é dicir, desde principios de outubro ata finais de abril, evitándose os traballos durante as xeadas, caso por outra banda moi pouco probable, e manteranse abertos ata o momento da plantación, no cal serán tapados previamente á instalación da planta.

5.1.3. Plantación

A plantación faise de forma manual enterrando adecuadamente os sistemas radicais das plantas nos foxos previamente abertos, nos que se realizará un abonado orgánico anterior á plantación e posteriormente unha rega de establecemento segundo cantidades recomendadas para cada especie, procurando que non entre en contacto directo coas raíces. Finalmente hai que pisar a terra arredor, para que a planta non quede solta e facilite o enraizado.



A plantación deberá realizarse preferentemente en outono ou, ao principio da primavera, sendo os períodos máis favorables para o desenvolvemento vexetal, tanto polas temperaturas como polas precipitacións pretendendo que a planta prenda con anterioridade ao comezo do período estival.

As condicións idóneas para plantar prodúcense cando existe o tempero adecuado no terreo, non existen fortes ventos, humidades relativas baixas, nin xeadas. Débese ter moita atención ao estado biolóxico da planta, tamén as con-

dicións de gardado (humidade, golpes, roturas), e transporte; factores clave para que non se produza a morte da mesma.

Dependendo da especie que se vai usar, podemos dispoñer de plantas de un ano ou dous, en colectores ou coa raíz núa. Normalmente as frondosas deben ser protexidas mediante varas de amarre, e protectores contra fauna. Colócaranse rectos e ben orientados dentro do burato, ata uns 5cm do pescozo da raíz dentro da terra.

En toda plantación dáse finalmente un pequeno tirón á planta unha vez apisoada a terra, para que traben as raíces.

A rega de implantación realízase inmediatamente despois da plantación, e na mesma xornada, non podendo pospoñerse a outros días. Tras esta rega, encherase o foxo se as terras baixaron ao mollarse. Isto non será necesario para todas as especies forestais, por exemplo eucalipto.

Existen dous procesos importantes nos traballos de plantación, que son o encalado e a fertilización.

1. **O encalado** realízase para corrixir a acidez do solo e/ou o exceso de aluminio no mesmo, mellorando así a dispoñibilidade e accesibilidade dos nutrientes por parte da planta, favorecendo así o seu crecemento. Un dato importante é coñecer cal é o pH (nivel de acidez) do solo e a cantidade e concentración de aluminio. En caso positivo, pódese empregar cal dolomita para a corrección da acidez e polisulfato dolomita para a corrección da acidez e do exceso de aluminio o mesmo tempo. O xeito de aportala ao solo é a distribución uniforme sobre o mesmo. Débese facer preferentemente antes da plantación, ou posteriormente pero co coidado de non aplicar o encalado sobre as follas.
2. **A fertilización** farase xusto tras a plantación ou ata un mes máis tarde, aplicando a dose en cada planta segundo cal sexa o fertilizante escollido finalmente. A fertilización aporta nutrientes esenciais para o crecemento saudable e vigoroso das plantas, como é o nitróxeno, o fósforo e o potasio. A fertilización pode ser realizada por etapas, pero sempre se recomenda o seu uso no momento da colocación da planta, arredor da mesma, e sen estar en contacto directo coas raíces.

Estas accións contribúen positivamente a saúde e produtividade nos primeiros anos da plantación.

Reposición de marras:

Esta operación consiste na substitución de plantas mortas nos anos inmediatos á plantación ata alcanzar novamente as densidades establecidas.

A reposición de marras será manual e realízase nunha época similar á plantación, abarcando as seguintes operacións:

- Arranque e eliminación dos restos da planta inservible.
- Re-apertura do foxo.
- Nova plantación dunha planta equivalente á que existía.
- Abonado e regado.
- Limpeza do terreo para facilitar as labores de plantación.

5.1.4. Custes de xestión para iniciar os traballos de plantación e mantemento inicial

Cando a superficie de plantación se corresponde con unha parcela pequena pódese realizar o traballo con medios propios manuais ou mecanicamente por parte do propietario. Se estamos tratando con montes de maior entidade, e aconsellable poñerse en mans dunha empresa especializada en plantacións forestais xa que nos van a proporcionar unha mellor relación calidade-prezo-esfuerzo.

Presentamos un cadro onde se valoran os diferentes tipos de plantacións por **hectárea** en función da especie.

Ofrécense un valores para zonas óptimas, dando polo tanto unha **valoración xenérica** que pode servir de referencia e comparativa de custes. A medida que se compliquen as condicións do terreo, queiramos ter unha maior calidade do traballo, ou varían os custes de mercado, estes datos sufrirán variacións.

É conveniente estar informado dos custes da planta ofrecida polos viveiros, e consultar a varias fontes os custos de plantación para ter o dato máis adecuado ao momento das actividades.

Para obter información actualizada ponte en contacto con profesionais do sector ou na asociación BIOeco².

Concepto	Importe
ha de plantación de <i>Eucalyptus</i> sp.	2.300 €
ha de plantación de coníferas	2.300 €
ha de plantación de frondosas	2.700 €
ha de plantación de castiñeiro	3.500 €

A continuación amosamos **custes por separado** dos traballos a realizar en función de varios parámetros; condicionantes do terreo, preparación do terreo, tipo de planta, implantación vexetal e outros condicionantes que poden afectar á plantación.

Estes datos foron obtidos da "ORDE do 22 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais" da Xunta de Galicia.

1. Acción previa sobre o mato.

Concepto	Importe
ha de plantación de roza manual	1.539,05 €
ha de plantación de roza mecanizada	611,02 €
ha de plantación de fitocida	370,80 €

2. Preparación do solo

Concepto	Importe
Unidade Apertura mecanizada dun burato con bulldózer	0,66 €
Unidade Apertura manual dun compartimento picado de 30 cm de diámetro e profundidade mínima de 30 cm	1,34 €
Unidade Apertura manual dun burato de 40 cm × 40 cm con profundidade mínima de 40 cm	1,42 €
Ha de preparación do solo con subsolaxe simple con profundidade mínima de 50 cm e cun <i>ripper</i>	444,18 €
Ha de preparación do solo con subsolaxe simple con profundidade mínima de 50 cm e 2 <i>ripper</i>	528,79 €
Ha de preparación do solo con subsolaxe cruzada con profundidade mínima de 50 cm	777,32 €
Ha de preparación do solo con caballón	705,04 €
Ha Labra superficial	287,01 €
Unidade Apertura dun burato de 60 cm × 60 cm × 60 cm con retroaraña	1,07 €
Unidade Apertura dun burato de 60 cm × 60 cm × 60 cm con retroaraña, incluída a roza	1,35 €
Unidade aburamento de 60 cm × 60 cm × 60 cm mecanizado con escavadora	1,36 €
Unidade aburamento de 75 cm × 75 cm × 75 cm mecanizado	1,40 €

3. Implantación vexetal

Concepto	Importe
Unidade Plantación manual dun <i>Eucalyptus</i> sp.ou conífera dun ou dous zumes, ou frondosa dun zume a raíz núa	0,51 €
Unidade Plantación manual dun <i>Eucalyptus</i> sp.ou conífera dun ou dous zumes, ou frondosa dun zume en contedor	0,30 €
Unidade Plantación de planta en contedor e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburatado mecanizado con bulldózer	0,59 €
Unidade Plantación dun <i>Eucalyptus</i> sp.ou conífera, a raíz núa e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburamento mecanizado con bulldózer	0,81 €
Unidade Plantación dunha frondosa a raíz núa e acondicionamento de compartimento onde se fixo unha preparación previa do terreo ou sobre aburamento mecanizado con bulldózer	0,81 €
Unidade Plantación manual dunha frondosa de dous zumes ou con máis de 1 m de altura sobre aburamento mecanizado con escavadora ou manual	0,85 €

4. Outras accións

Concepto	Importe
Ha de fertilización (inclúe fertilizante e man de obra)	293,06 €
Unidade de protector de planta, incluso colocado	1,97 €
Ha de área de defensa contra incendios forestais	793,18€
Ha de área de defensa contra incendios forestais lindante con pista forestal	469,09 €
Unidade de cartel (se existe subvención pública)	328,19 €

5. Infraestruturas de acompañamento das novas plantacións

Concepto	Importe
Metro lineal peche mediante poste de madeira tratada de 6-8 cm de diámetro e 2 m de altura cada 5 m e malla cinxética	9,76 €
km arranxo de pista forestal (incluíndo pasos de auga)	3.816,05 €

6. Prezos de planta

Concepto	Importe
Ud. <i>Eucalyptus globulus</i> categoría controlada 1 zume con terrón	0,25-0,30 €
Ud. <i>Eucalyptus nitens</i> categoría controlada 1 zume con terrón	0,25-0,30 €
Ud. <i>Pinus pinaster</i> categoría controlada 1 zume a raíz núa	0,17 €
Ud. <i>Pinus pinaster</i> categoría controlada de 2 zumes a raíz núa	0,21 €
Ud. <i>Pinus pinaster</i> categoría controlada, 1 zume con terrón	0,31 €
Ud. <i>Pinus pinaster</i> categoría distinta da controlada, 1 zume a raíz núa	0,13 €
Ud. <i>Pinus pinaster</i> categoría distinta da controlada, 2 zumes a raíz núa	0,17 €
Ud. <i>Pinus pinaster</i> categoría distinta da controlada, 1 zume con terrón	0,24 €
Ud. conífera distinta de <i>Pinus pinaster</i> e <i>pseudotsuga</i> , 1 zume a raíz núa	0,17 €
Ud. conífera distinta de <i>Pinus pinaster</i> e <i>pseudotsuga</i> , 2 zumes a raíz núa	0,21 €
Ud. conífera distinta de <i>Pinus pinaster</i> e <i>pseudotsuga</i> , 1 zume con terrón	0,31 €
Ud. <i>pseudotsuga</i> 2 zumes a raíz núa	0,39 €
Ud. <i>pseudotsuga</i> 2 zumes con terrón	0,45 €
Ud. frondosa 1 zume maior de 20 cm e ata 35 cm	0,46 €
Ud. frondosa 1 zume maior de 30 cm con terrón	0,55 €
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 35 cm e ata 60 cm	1,11 €
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 60 cm e ata 100 cm	1,62 €
Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 100 cm	2,12 €
Ud. castiñeiro híbrido resistente/sativa de 0,5 ata 1 m, de 1 zume	2,74 €
Ud. castiñeiro híbrido resistente/sativa de máis de 1 ata 2 m, de 1 zume	4,12 €
Ud. castiñeiro híbrido resistente/sativa de 0,5 ata 1 m, de 2 zumes	4,11 €
Ud. castiñeiro híbrido resistente/sativa de máis de 1 ata 2 m, de 2 zumes	5,46 €

5.2. Aproveitamentos Forestais

O aproveitamento son os produtos ou servizos con valor de mercado característicos dos montes e das especies forestais, que podemos vender para obter un valor económico con eles.

A Lei 7/2012 de Montes de Galicia, define os aproveitamentos forestais, como aqueles que teñen como base territorial o monte e, en especial, os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, e os non madeireiros, como a cortiza, os pastos, a caza, os froitos, os fungos, as plantas aromáticas e medicinais, os produtos apícolas e os demais produtos e servizos característicos dos montes.

Cando se fala de aproveitamento, é importante ten en conta que se trata dunha explotación sostible non tempo, coa que non se pretenden esgotar o recurso, senón a súa conservación, mellora e incremento a través dunha boa xestión.

5.2.1. Usos e aproveitamentos dos montes

Teñamos en conta que o monte e o ecosistema forestal é un sistema complexo e diverso, e así tamén o son os seus aproveitamentos. Dentro do concepto da multifuncionalidade podemos destacar:

- **Aproveitamentos madeireiros e leñosos:** conxunto de operacións que comprenden dende a corta polo pé das árbores ata a extracción dos produtos do monte, incluída a xestión dos restos destas operacións.
- **Aproveitamento micolóxico:** recolleita de fungos en montes con diversas finalidades, entre as que se atopan a doméstica, científica, didáctica ou comercial.
- **Aproveitamento de froitos:** recolleita de froitos no monte, para o consumo humano.
- **Aproveitamento de resina ou resinación:** extracción da resina dunha árbore mediante diversas técnicas.
- **Aproveitamento de pastos:** consumo polo gando da vexetación arbustiva ou herbácea nos montes.

Cada un destes aproveitamentos leva asociadas labores de xestión, cumprimento de normativas e plans de aproveitamento que na maioría dos casos necesitarán dun apoio técnico

a) **Aproveitamentos madeireiros e leñosos:**

Inclúen a corta de árbores de especies forestais e a poda cando se obteñan produtos de tamaño ou aproveitamento comercial, así como o aproveitamento de leñas e biomasa.

As cortas de arborado as podemos clasificar en dous grupos:

CORTAS DE MELLORA:

Levada a cabo sobre unha porción de árbores da masa para mellorar a súa estabilidade, sanidade e favorecer o crecemento dos pés restantes. Utilizadas en especies de coníferas e algunhas frondosas. Non se soe facer en eucalipto, excepto usos diferentes a elaboración de pasta de papel.



Distingúense os seguintes tipo de cortas de mellora:

- **Clareos:** nos primeiros anos, cando a densidade de pés é moi alta, extráense pés con peor forma e menor diámetro, que non teñen futuro para chegar a adultos, co obxectivo de favorecer o desenvolvemento dos que quedan en pé. Realízase cando as árbores teñen diámetros entre 7,5 e 10 cm, polo que non teñen valor comercial.
- **Claros:** cando os diámetros do arborado está entre os 15 e 35 cm, é o momento de concentrar o crecemento nos mellores pés, de cara a corta final, e para iso extráense os veciños competidores. Dependendo da especie e crecemento, pode aplicarse unha ou varias claras ao longo da vida das árbores, reducindo o número de árbores ata chegar á densidade final cos mellores pés. Nas claras as árbores xa teñen valor comercial, polo que trátase dunha medida de mellora que pode chegar a ser rendible.

CORTA DE SANEAMENTO OU POLICÍA:

Elimínanse as árbores danadas ou debilitadas para impedir a propagación de pragas e mellorar o estado fitosanitario da masa.

CORTAS DE REXENERACIÓN:

Realízanse ao final da quenda, cando as árbores xa son maduras coa finalidade de rexenerar a masa e dar lugar á maior cantidade e calidade de produtos madeirables.

Distínguense os seguintes tipos:

- **Corta a feito:** consistentes na extracción total dos pés da masa dentro da superficie de corta.
- **Aclareo sucesivo uniforme:** extráense de xeito gradual e uniforme os árbores nunha serie de cortas parciais que se estenden ao longo da quenda, normalmente baixo criterios de obtención de rendas sucesivas.
- **Entrecolla:** é unha corta descontinua que consiste en abrir pequenos ocos dentro do arborado, extraendo só aqueles pés que xa acadaron o diámetro adecuado para o seu aproveitamento e deixando as árbores máis xoves para o futuro crecemento e rexeneración do bosque.

Forma de executar o aproveitamento de madeira

O aproveitamento da madeira leva asociadas as operacións de marcaxe, corta ou apeo, tronzado e, saca a cargadeiro e transporte.

É moi importante a planificación do aproveitamento, tendo en conta as condicións orográficas do terreo, accesos e vías de saca, zonas de carga, climatoloxía e tempada de corta.

A **marcaxe** das árbores ten moita importancia cando son cortas de mellora, principalmente nas claras, onde se marcan previamente as árbores a extraer entre as peor formadas, con mal estado sanitario e pequenas ou dominadas.

A **corta** ou apeo ten que ser dirixida, de xeito que facilite a caída das árbores e extracción da madeira, evitando danar as árbores que van quedar en pé ou rachar as outras que se vaian aproveitar.

A corta lévase a cabo de xeito manual, con motoserra, ou mecanizada con máquinas procesadoras ou taladoras.

A **tronzadura** é a operación de dividir o tronco ou fuste en toradas de menor lonxitude, con obxectivo de facilitar o seu **transporte** e **transformación** na industria da serradura.

Os camiños construídos para a saca das toradas do monte ata as pistas forestais principais chámanse vías de saca. Normalmente son camiños temporais, abertos só para facilitar a operación de saca unha pista forestal principal ou ata o cargadoiro. A súa construción vai depender do acceso que teña a zona, a pendente do terreo, da protección doutras áreas protexidas, etc.

O **cargadoiro** é unha zona aberta ou pequeno parque ao borde dunha pista u outra vía de transporte que permita o acceso e carga dos camións de transporte para o traslado da madeira a industria de transformación.

Tratamento de restos do aproveitamento

Trala corta, a superficie de aproveitamento queda cuberta de restos espallados, follas, cortiza, ramas ou madeira das toradas, cos que compre facer un tratamento para a súa eliminación ou facilitar a súa descomposición e incorporación ao solo, buscando a redución do risco de aparición de enfermidades e pragas e do perigo de incendios.

- Amontoado e picado dos restos.
- Trituración dos restos por toda a superficie de aproveitamento.
- Esteladura mediante máquinas móbiles para extraer a estela destinada a un aproveitamento enerxético.
- Empacado dos restos e extracción mediante empacadoras, como biomasa destinada a produción enerxética.

Época de execución do aproveitamento de madeira.

- A primeira regra é realizar o aproveitamento no momento en que o estado fisiolóxico da árbore e a climatoloxía permitan o maior rendemento das operacións, facendo o menor dano á masa e produción do resto do monte.
- Atendendo ao estado fisiolóxico das árbores, e dependendo da especie, hai que ter en conta se estas rebrotan de cepa ou nacen de semente, e se son frondosas ou coníferas.
- Para as especies que rebrotan de cepa ou raíz, denominadas monte baixo, o momento idóneo é a finais do inverno e principio de primavera, pouco antes de que a árbore esperte e o zume comece a moverse, axudando ao crecemento dos novos brotes.
- Para as especies que nacen de semente, denominadas monte alto, calquera época é válida, sendo preferible o momento de parada vexetativa.
- Para as frondosas, é importante que a corta se faga na parada vexetativa, finais do outono e finais do inverno, deste xeito redúcese o perigo de pragas ou enfermidade que poidan atacar o árbore, ao estar inactivos, e mellorase moito a calidade do secado da madeira na industria, ao ter menor contido de auga e non ter zume.

b) Aproveitamento de leñas e biomasa forestal:

O aproveitamento enerxético de biomasa forestal é un dos máis antigos e tradicionais dos nosos montes. Especies de frondosas como o carballo, bidueiro ou castiñeiro son moi apreciadas para queantar as estufas dos nosos fogares, e xa nos últimos anos a biomasa forestal procedente de restos de corta ou subprodutos da industria constitúen unha importante fonte de enerxía renovable, cada vez máis popular para diminuír o consumo de combustible fósiles e levar a cabo a transición enerxética.

Tendo en conta que o obxectivo da nosa xestión silvícola é maximizar o valor da madeira para aplicacións de maior valor engadido e durabilidade no tempo, é importante deixar claro que este tipo de aproveitamento nunca pode ser o principal, senón derivado do primeiro para a mellor optimización do recurso.

O aproveitamento de **leñas** e **biomasa** deberíase centrar nos seguintes produtos, tanto para especies de frondosas como de coníferas:

- Restos de corta ou tratamentos silvícolas, ramas, puntas, que poden ser recollidos ou astelados.
- Árbores sen diámetro comercial, torcidas ou dominadas, procedentes dos clareos e claras realizados para abrir a masa e favorecer ás árbores que quedan en pé.
- Árbores de frondosas rotas ou tiradas nas operacións de apeo.
- En casos de abandono, onde a masa forestal está impenetrable, este tipo de aproveitamento pode supoñer o inicio da recuperación e xestión da nosa propiedade, xa que os traballos de rexeneración, apertura da masa e limpeza pode supoñer a retirada dunha gran cantidade de biomasa leñosa que podería financiar os traballos, ademais de ser unha importante actuación de cara á prevención de incendios.

5.2.2. Xestión de cortas forestais

Neste apartado imos ver a cualificación do aproveitamento, procesos e valoración económica:

Para o éxito e maior rendemento da corta ou aproveitamento de madeira é importante ter en conta as seguintes fases:

a) Visita de campo

Recoñecer os límites da superficie de corta para que nos traballos non invadan zonas que non queremos cortar ou excedan os límites da propiedade. Este primeiro percorrido tamén permite asegurar que xa se poden cortar esas árbores, é dicir, que alcanzaron a idade ou diámetro de corta.

b) Cuantificación do aproveitamento

Para cuantificar o aproveitamento e negociar logo a súa venda, hai que facer unha estimación do volume e calidade da madeira que temos, polo que debemos coñecer:

- Especie/s
- Número de árbores
- Volume (m³) ou Toneladas.

A **valoración** do aproveitamento é **un traballo técnico**, que require medición de campo, cálculos na oficina e cubicación final a partir de táboas ou modelos de cubicación axeitados a especie e zona de crecemento. Para a estimación e dependendo da densidade do arborado, dificultade do terreo ou acceso, tipo e calidade das árbores e precisión na estimación, o técnico leva a cabo dous métodos de medición:

- **Medición pé a pé:** trátase de medir tódolos pés da masa, deste xeito coñecemos o número e o diámetro reais, podendo calcular o volume cunha maior exactitude, polo que é axeitado para aproveitamentos de madeira de calidade, árbores grandes e masas con baixa densidade.

- **Estimación por mostraxe estatístico:** só se mide unha porcentaxe do número de pés, repartida en parcelas de cubicación que o técnico distribúe pola superficie de aproveitamento para tratar de ter toda a representación do arborado. Calcúlanse o número de pés e volume por unidade de superficie, e logo multiplícanse pola superficie total para obter a estimación de toda a masa.

E evidente que a estimación por mostraxe estatística aporta menos precisión para o cálculo do volume de madeira a aproveitar, sen embargo, o traballo e experiencia do técnico poderán resolvelo ben co número apropiado de parcelas e unha boa distribución. Cun menor custe de traballo de campo, este método é apropiado para zonas con moita densidade de arborado o difícil acceso. A recomendación é sempre estar asesorado por un técnico profesional que saiba avaliar a cantidade de madeira que se vai vender (que normalmente leva implícito o prezo de mercado no momento da venda).

c) Como se calcula o volume das árbores?

O volume das árbores calcúlase a partir da altura e diámetro do tronco. A forma dos troncos non é cilíndrica, senón que tende a ser máis ou menos troncocónica dependendo da especie, polo que é necesario utilizar o modelo de cubicación axeitado de cada unha.

Pero as árbores non se valoran só polo seu volume, tamén polo produto que poidamos obter delas, coas características e propiedades adecuadas para industria de transformación. Neste senso, esta calidade tecnolóxica é aportada polo diámetro e rectitude do tronco, tratamentos silvícolas como a poda, o crecemento, propiedades da fibra etc. Aumentan o prezo final de venda.

Dende a base do tronco ata o ápice, pódense clasificar as toradas extraídas en función do seu diámetro en punta delgada e polo tipo de industria de destino:

Produto	Diámetro punta delgada	Industrias transformadoras
Leñas	< 10 cm	Biomasa
Puntal	8 - 20 cm	Industria Trituración, postes
Rolla	> 20 cm	Industria de Trituración e Serrado
Chapa	> 35 cm	Industria de desenrolo, chapa á plana, serrado e trituración

Táboa 5.1. Diámetros orientativos para o destino industrial das toradas

5.2.3. A Venda da Madeira

Un vez feito o esforzo de cultivar o monte de forma responsable, produtiva e sostible, e tomar as decisións oportunas, incluíndo respectar a quenda para non perder produtividade e ingresos, para o propietario é tamén importante escoller un bo método de comercialización e venda, xa que isto inflúe tamén no rendemento económico do seu aproveitamento e longa espera durante tantos anos.

Os posibles compradores de madeira interesados no lote explicaranos de forma sinxela as decisións para tomar durante o proceso de compra venda, aínda que pode ser de moito interese contar cun bo asesoramento técnico independente, que nos axude na valoración da madeira, negociación e condicións técnicas do contrato a cumprir polo comprador.

E a quen lle vendo a miña madeira? A figura dos madeireiros ou rematantes forestais.

No sector forestal, o enlace entre o propietario e a industria de transformación normalmente é o madeireiro ou rematante. Son empresas especializadas na compra e comercialización de madeira, que tamén se encargan das tarefas de aproveitamento e transporte, ben por medios propios ou subcontratados. Os compradores poden ser subministradores de outros compradores maiores (fan venda en cargadeiro), poden subministrar directamente a serradoiros ou industria (fan venda a pé de fábrica), ou poden ser as propias industrias e serradoiros as que compren directamente ao propietario para auto abastecerse.

En ocasións a industria forestal, como no caso de ENCE, tamén conta cun importante equipo para a compra directa dunha porcentaxe moi relevante da madeira que transforman, ademais da maioría que obteñen a través dos rematantes.

Xeito de comercializar a madeira polo propietario

Madeira en pé: o propietario vende as árbores en pé, sendo o comprador o encargado de realizar tódalas tarefas de aproveitamento, apeo, saca e transporte.



En cargadeiro: o propietario é o encargado de xestionar as tarefas de aproveitamento, e vende a madeira en cargadeiro, para que o comprador a cargue e transporte.

A diferenza entre ambos métodos está na persoa responsable do aproveitamento. Para o propietario a venda de madeira en pé é a máis sinxela, ten a vantaxe de que non ten que adiantar custos, nin risco de que a madeira logo non se venda, sen embargo, tamén perde certeza do valor final e optimización económica da súa madeira ao non poder valoralo con exactitude ou dividilo en diferentes lotes de calidade.

Tipos de venda

A risco e ventura:

O propietario e o comprador negocian un prezo pechado por todo o lote, sen distinción de calidade e cun volume estimado. Neste tipo é moi importante a estimación feita polo técnico, xa que dela dependerá a negociación e que o propietario teña a seguridade de que está facendo unha venda xusta.

Normalmente este tipo de venda faise cando o volume do lote pode cuantificarse de xeito sinxelo e con boa precisión.

Venda a resultados:

O propietario e comprador negocian un prezo por unidade de produto, (normalmente tonelada). Durante o aproveitamento ou unha vez finalizado ambos pechan o total do debido segundo as unidades sacadas. Aquí volve a ser importante a valoración técnica, xa que permitirá fixar un prezo adecuado a unidade sacada en función da cantidade e calidade.

Este tipo de venda é o que máis rendibiliza o produto, pagando exactamente polo extraído, sobre todo se a venda se fai por tonelada, o que é tamén moito máis transparente para o propietario, que saberá exactamente canta madeira produce o seu monte.

Neste caso, será convinte estar máis atento ao desenrolo dos traballos e cargas de camión, para evitar erros na trazabilidade da madeira. Tamén é importante dispoñer de experiencia e confianza no comprador, nisto tamén poden aconsellar os técnicos profesionais que levan anos traballando con múltiples empresas.

Modo de venda

Venda directa

O propietario negocia e vende directamente ao comprador polo prezo acordado entre ambos, ben volume en metros cúbicos, por peso en toneladas ou por outro método convido.

Poxa

O propietario organiza unha poxa entre varios compradores. A modalidade de “a alza” é o sistema máis utilizado, onde participantes interesados na compra entregan un sobre coa súa oferta, gañando a de maior valor.

E como pecho a venda?. Contratos e prego de condicións de compra-venda

É moi importante legalizar sempre o acordo da venda mediante a sinatura dun contrato de compra-venda entre o propietario e comprador. O contrato incluírá o prego de condicións para deixar claro pagos e responsabilidades, incluíndo:

- O tipo de comercialización e venda da madeira, en pé a risco e ventura, a resultas, etc.
- O prezo acordado e como se fará o pago do lote de madeira.
- O valor da fianza a entregar, como previsión para cubrir a falta de pago ou reparar danos dos que o comprador no se quere facer responsable.
- O prazo e condicións para realizar o aproveitamento.
- Como se tratarán os restos de corta.
- Quen ten a responsabilidade dos danos causados durante os traballos.
- Prohibicións.

Lembre contar sempre co asesoramento dun enxeñeiro forestal ou de montes, que o poida guiar e darlle confianza durante o proceso, para evitar sorpresas e gastos innecesarios.

Autorización de corta:

Para poder levar a cabo o aproveitamento é obrigatorio contar cunha autorización da administración autonómica responsable. En Galicia, os aproveitamentos madeireiros e leñosos están regulados pola lexislación, establecendo que tipos de autorizacións se poden solicitar, como e onde se solicitan e quen pode solicitalas.

5.2.4. A Solicitud de corta.

A presentación de solicitudes na administración galega faise a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, non é posible presentar a solicitude en papel.

<https://ovmediorural.xunta.gal/es/tramites/corweb>

Quen solicita a autorización do aproveitamento?

A solicitude sempre se fai **a nome da persoa propietaria**. E pode solicitala o propietario, un representante deste ou o comprador da madeira en representación da persoa propietaria.

Cando actúe a través de representación, o propietario ten que autorizar expresamente ao representante ou ao comprador a que actúe no seu nome, para o cal fai falla unha autorización asinada.

Tipos de autorización do aproveitamento

En función de varios condicionantes temos 2 tipos de autorización a solicitar:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Solicítase este tipo cando o motivo da corta e algún ou varios dos seguintes:

- Aproveitamentos de especies non incluídas no Anexo I da Lei 7/2012 de Montes de Galicia.
- Aproveitamentos que non están suxeitos a algún réxime de protección sectorial, como pode ser superficies afectadas por patrimonio cultural, estradas, ríos, espazos naturais e protexidos, etc.
- Aproveitamento nun monte que ten Proxecto de Ordenación ou Documento de xestión aprobado.
- Aproveitamentos de madeira e leñas para uso doméstico.
- Aproveitamentos en zonas afectadas por expropiación.
- Cortas de obrigada execución, por cumprimento dunha lexislación que obriga a retiralas ou por estar afectadas por unha enfermidade, etc.

A declaración trátase dunha manifestación de que se compren os requisitos normativos e legais para o aproveitamento, e que se dispón da documentación que o acredita.

Unha vez presentada, faise efectiva automaticamente e xa se poden iniciar os traballos de aproveitamento.

AUTORIZACIÓN DE CORTA

Cando non se cumpran os motivos anteriores, sempre é necesario solicitar autorización.

A solicitude dunha autorización de corta implica que a Administración revise o cumprimento da normativa e a documentación requirida, como pode ser o Plan de Corta, planimetría, etc., para emitir unha resolución positiva e que se poidan iniciar os traballos.

Lembre contar sempre co asesoramento dun enxeñeiro forestal ou de montes, principalmente para as autorizacións de corta, xa que en moitos casos requírese a presentación de documentación técnica que apoie á solicitude.

5.3. Instrumentos de Ordenación ou documentos de Xestión Forestal —

Definición dos instrumentos de Xestión


A ordenación de montes supón a organización tecnicamente xustificada no tempo e no espazo. Afecta tanto aos propios recursos forestais coma de todos os posibles aproveitamentos existentes no monte, coa finalidade de ser viables ao longo do tempo, debendo garantir a súa conservación protección e mellora.

Os Instrumentos de Ordenación ou Xestión Forestal, son documentos técnicos que constan basicamente dunha memoria descriptiva, dunha planificación forestal e dunha cartografía, necesarios para levar a cabo a xestión do terreo forestal segundo a definición de Monte.

Son obxectivos principais da ordenación a máxima obtención global de utilidades e recursos, o desenvolvemento rural, á xeración de rendas, á fixación da poboación, á calidade paisaxística, o mantemento da biodiversidade e a definición de accións de protección contra danos bióticos ou abióticos. De xeito que se faga impacto na potencialidade multifuncional e nos valores económicos, sociais e ambientais.

Categorías dos instrumentos de ordenación, proxectos de ordenación ou plans de manexo forestal.

En función dos titulares, das características e da superficie do monte, a lexislación establece os seguintes tipos de instrumentos de xestión:



a) Proxecto de Ordenación forestal. (P.O.)

É o instrumento de xestión forestal máis complexo e detallado, co que un propietario privado ou agrupado legalmente, deberá elaborar cando a superficie sexa superior ás 25 hectáreas nun couto redondo (un territorio único continuo).

O proxecto de ordenación forestal sintetiza a organización do aproveitamento sustentable dos recursos forestais, tanto madeireiros coma non madeireiros. Inclúe unha descrición do terreo forestal nos seus aspectos ecolóxicos, legais, sociais e económicos e, en particular, un inventario forestal cun nivel de detalle tal que permita a toma de decisións en canto á silvicultura que se debe aplicar en cada unha das unidades do monte e á estimación das súas rendas, co obxectivo de obter unha organización estable dos distintos usos e servizos do monte. A vixencia xeral de un P.O. son 10 anos. Constan de:

- Obxectivos de xestión: propósitos xerais para a xestión da área forestal.
- Normas e directrices de manexo.
- Zonificación forestal.
- Período de planificación.
- Consideracións legais e normativas.
- Participación pública.

As directrices dun proxecto de ordenación están definidas polas instrucións de ordenación de montes arborados, que son directrices e criterios para a xestión e uso sostible dos recursos forestais nunha determinada área. Están elaboradas tecnicamente polas Administracións competentes en materia forestal.

b) Documento Simple de xestión forestal. (DSXF)

É o instrumento de xestión forestal co que o propietario ou ben unha agrupación forestal formalmente constituída, debe dispoñer o monte cando a superficie sexa igual ou inferior ás 25 hectáreas en couto redondo dentro da lexislación galega. Este documento é máis conciso e menos detallado que un proxecto de ordenación forestal, sen entrar en todos os detalles técnicos do documento anterior. Tamén ten unha duración determinada, aínda que é máis flexible en canto a súa modificación.

Este instrumento está baseado por unha parte nos denominados Modelos Silvícolas Orientativos, que son propostos pola propia administración forestal, onde para unha serie de especies determínanse uns programas ou itinerarios de actuacións en materia de silvicultura.

Por outro lado tamén se basean nos Referentes de Boas Prácticas Forestais que son un conxunto de técnicas ou prácticas de xestión das actividades forestais se realice de xeito eficaz e segundo criterios que aseguren a súa sustentabilidade.

c) Adhesión a modelo silvícola

O caso do minifundio, o máis habitual no caso de herdanza familiar en Galicia:

Documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos.

Os MODELOS EN VIGOR propostos pola Administración galega, así como os REFERENTES DE BOAS PRÁCTICAS FORESTAIS poden consultarse no seguinte enlace; o propietario debe escoller e cumprir.

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/ordenacion/adhesion-a-ms-e-rbfporientativos>

Este vai ser o xeito de dispoñer de un documento de xestión nos casos de minifundio (entendendo como tal menos de 15 has xuntas nunha peza). Polo tanto, tanto para cumprir coa lexislación como para poder acceder aos esquemas, normas e selos de certificación forestal sostible, vai ser obrigado adherirse. O procedemento faise a través de un técnico pertencente a un grupo de certificación no momento da adhesión ou directamente pode realizalo o xestor a través da sede electrónica da Xunta.

Procedemento: MR627D

<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/21250842>

Información:

<https://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=MR627D&ano=2018&numpub=1&lang=es>

TÁBOA RESUMEN DOS TIPOS DE INSTRUMENTOS DE XESTIÓN FORESTAL	
Tipo de instrumento	Titulares do monte
Proxecto de ordenación forestal.	- As persoas propietarias, sexan persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, de montes particulares de superficie mínima de 25 hectáreas en couto redondo mesma propiedade. - As agrupacións forestais formalmente constituídas cunha superficie superior ás 25 hectáreas en couto redondo.
Documento simple de xestión forestal.	- A persoa propietaria, sexa persoa física ou xurídica, dun monte particular de superficie inferior ou igual ás 25 hectáreas en couto redondo. - As agrupacións forestais formalmente constituídas cunha superficie inferior ou igual ás 25 hectáreas en couto redondo.
Documento compartido de xestión forestal.	As persoas propietarias, sexan persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, de montes particulares onde ningunha superficie dunha mesma propiedade poderá superar as 25 hectáreas en couto redondo.
Documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos	- As persoas propietarias, sexan persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, de montes particulares de superficie inferior ou igual ás 15 hectáreas en couto redondo para unha mesma propiedade. - As agrupacións forestais formalmente cunha superficie inferior ou igual ás 15 hectáreas en couto redondo.
*Couto redondo: superficie forestal continua, entendendo que a dita continuidade non se verá interrompida por límites naturais (ríos, lagos, encoros etc.), artificiais (vías de comunicación etc.) nin administrativos (concellos, provincias etc.)	

Necesidade de dispoñer de Instrumentos de Xestión

Débese ter en conta que si ben a lexislación outorga unha serie de dereitos e incluso a posibilidade de obter certos beneficios, tamén establece unha serie de obrigas, limitacións e prohibicións, habilitando a tal efecto un réxime sancionador en caso de incumprimento.

Entre as obrigas atópase a de dispoñer dun instrumento de xestión forestal acorde co monte (tamaño e obxectivo), de xeito que a súa elaboración deberá ser promovida a instancias da persoa propietaria ou titular dos dereitos sobre o mesmo.

Outro aspecto a ter en conta é que no caso de querer adherir a propiedade a unha certificación ou esquema de xestión forestal sostible, é imprescindible dispoñer de un plan de manexo forestal/documento de xestión, validado pola Administración competente e vixente.

Redacción

A lexislación establece que a redacción dos instrumentos de xestión forestal deberá ser realizada por persoal técnico competente en materia forestal, entendendo por tal persoal as persoas tituladas en enxeñaría de montes ou enxeñaría técnica forestal.

Isto supón a garantía de que o traballo vai ser realizado por persoal especialmente capacitado para esta tarefa. Aínda que existe unha excepción para o caso de comunicación do documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos, onde non será precisa a intervención do persoal técnico competente en materia forestal. Dende a asociación BIOECO2 recomendamos se procure realizar a consulta de calquera cuestión relacionada coa elaboración destes documentos con persoal técnico competente.

Aprobación e vixencia.

Unha vez redactado o instrumento correspondente por persoal técnico competente en materia forestal, este deberá ser presentado ante a Administración forestal, a quen lle corresponde a súa aprobación, para o cal será preciso que a unidade técnica competente da xefatura territorial correspondente emita un informe de validación do instrumento.

Así mesmo serán preceptivos os informes favorables dos órganos ou organismos dependentes da Administración autonómica cuxas competencias poidan resultar afectadas pola aprobación do citado instrumento, coma poden ser patrimonio natural, cultural, augas, etc.

Para todo este procedemento a administración disporá dun prazo de seis meses para resolver, que no caso de ser favorable, o instrumento pasará a ser inscrito de oficio no Rexistro Galego de Montes Ordenados.

Logo da aprobación do instrumento, as actuacións previstas nel consideraranse autorizadas cando sexa preceptiva a dita autorización, e só requirirán de notificación dirixida á xefatura territorial da consellería competente en materia de montes cunha semana de anticipación ao inicio dos traballos.

A adhesión a modelos silvícolas (<15 has), non segue o trámite anterior, sendo unicamente un rexistro, onde non serían válidas as propostas que non cumpran coa lexislación, pero considérase monte ordenado a efectos de certificación forestal, por exemplo.

A vixencia dos instrumentos de xestión forestal será con carácter xeral, a da queda da especie principal, isto é a idade a que hai que cortar a especie principal. Sen embargo, a lexislación establece que os instrumentos de xestión (P.O), deberán ser obxecto de revisións periódicas, entendendo por tal, a elaboración e programación dun novo **plan especial**. De tal xeito indícase a duración do plan espacial a renovar, de 5 ou 10 anos, e novamente entran nun proceso de aprobación.

Incumprimento.


O incumprimento grave ou a reiteración inustificada de incumprimento das prescricións previstas nun instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola Administración forestal darán lugar á baixa do monte do Rexistro Galego de Montes Ordenados, logo da tramitación do correspondente procedemento, perdendo os beneficios inherentes, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.

5.4. Elección da planta que vou producir

Ímonos poñer no caso que cando chega a nos unha parcela que herdamos, non ten unha especie específica, queremos cambiar o uso, ou temos certas limitacións para continuar co que estaba a producir. Entón debemos pensar no uso que lle imos dar a ese monte. Cando un propietario decide realizar unha xestión forestal por un mesmo (incluso contratando certas actividades), debe ter en conta as seguintes consideracións técnicas con respecto a elección da planta e as condicións que debe cumprir a mesma.

Qué planta elixo?

Independentemente da especie a utilizar, como propietario forestal vai facer un esforzo repoboando a finca que herdou, e deben utilizarse plantas que teñan boa xenética. Nos xenes están escritas as principais características produtivas da especie: velocidade de crecemento, rectitude, ramosidade, e ademais resistencia a enfermidades, resistencia á seca, resistencia á xeadas ...



Elixíranse as plantas que teñan bo aspecto, pero os xenes non se ven!

Como saber que as plantas que mercas están ben? VALIDACION VISUAL.

Cando se vai ao viveiro, a calidade exterior pódese comprobar só con ver a planta. Non debería aceptarse planta cos seguintes defectos

- Feridas distintas ás causadas pola poda
- Lesións por danos nas follas
- Ausencia de xemas susceptibles de producir brotes apicais
- Múltiples talos
- Sistema radical deformado
- Sinais de secado, ou podremia
- Danos causados por organismos nocivos
- Desequilibrio entre a parte aérea e a parte radical

Pero a xenética non se ve, polo que o documento que acompaña a planta ó mercale no viveiro é o único que acredita a súa calidade xenética.

Documento de procedencia da planta. VALIDACIÓN DOCUMENTAL SOBRE PROCEDENCIA.

A normativa vixente (Decreto 220/2007 e RD 289/2003) obriga aos produtores de planta de diversas especies e aos comerciantes a garantir a orixe da planta ou semente, o que denominamos material forestal de reprodución (MFR). A orixe debe ser do material de base coñecido (MB), é dicir, de poboacións, plantacións ou clons que se atopen incluídos no Catálogo Galego de Materiais de Base (CGMB), así como no Catálogo Nacional de Materiais de Base (CNMB), debendo ademais a dita planta portar un certificado fitosanitario (RD 58/2005).

Existen distintos tipos de materiais de base, os cales determinan as características xenéticas do material de reprodución que deles se obtén:

Fonte sementeira (FS): montes de orixe coñecida. Só acredita unha orixe e unha variabilidade xenética ampla. Indica boa adaptación a lugares con condicións ecolóxicas similares ao orixe do material, pero non garante ningunha ganancia xenética por non se facer ningún tipo de selección nas árbores das que se recolle a semente.

Mouteira selecta (MS): poboación claramente definida e homoxénea. Denomínase mouteira selecta (MS) cando se avalía visual ou fenotipicamente e se selecciona por ser superior á media.

Horto de semente (HS): plantación de clons ou de proxenies seleccionadas illadas, dirixida á produción de semente frecuente, abundante e de fácil recollida. Os hortos conteñen material xenético selecto que se cruzan entre si e polo tanto espérase una ganancia xenética. Tras a avaliación do material xerado no HS pódese chegar a unha ganancia xenética considerable.

Proxenitor de familia (PF): árbores seleccionadas que se utilizan para obter semente.

Clon (C): conxunto de individuos obtidos vexetativamente a partir dun mesmo individuo (do que son idénticos xenéticamente) seleccionado individualmente para una serie de caracteres determinados.

Mestura de clons (MC): propagación vexetativa dun grupo de individuos seleccionados. As calidades xenéticas organízanse en categorías segundo o nivel de selección feito no material de base, esperándose unha maior produción nos que se fixo maior selección.

Estes materiais dan así unha garantía variable dunha mellor adaptación, maior resistencia a enfermidades e/ou un aumento na produción. Os MFR de cada categoría comercialízanse con etiquetas de cores distintas, identificando así as distintas categorías. No seguinte cadro móstranse as distintas calidades que existen, as cales están recoñecidas internacionalmente.

	CATEGORÍA	CATACTARÍSTICAS DO MB	GARANTÍA	TIPOS DE MB	
VARIABILIDADE ↓	Controlada (Azul)	Selección xenética	Superioridade comprobada en ensaios	M, HS, FF, C MC	MEJORA ↑
	Cualificada (Rosa)	Selección fenotípica individual	Superioridade xenética non avaliada	HS, FF, C, MC	
	Seleccionada (Verde)	Selección fenotípica poboación / monte	Superioridade xenética non avaliada	M	
	Identificada (Amarela)	Non selección	Orixe garantida Non superioridade xenética	FS, M	

Os fabricantes de planta deben ter coidado e manter unha base xenética suficientemente ampla para permitir unha variabilidade xenética nas seguintes xeracións de mellora.

O programa de mellora xenética forestal en Galicia remóntase **aos anos 50 do pasado século**. Porén, a selección natural das especies forestais que medran en Galicia **leva milenios**. A selección natural diríxese sempre á **adaptación das especies ao medio no que habitan**. Por iso na etiqueta indícarase tamén a **rexión de procedencia**.

Para cada especie distínguense zonas con condicións ecolóxicas parecidas, nas que existen fontes de sementes ou masas con características similares. É o que se chama rexión de procedencia. Onde vostede planta é a **rexión de uso**, a recomendación xeral é que utilice planta da súa **rexión de procedencia**. No Catálogo Galego de Materiais base defínense as especies e procedencias.

En Galicia o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán leva o programa de mellora de xenética en catro especies consideradas prioritarias e non cobertos xa de xeito privado: *Pinus pinaster*, *Castanea sativa*, *Prunus avium* e *Pinus radiata*. Outras especies nas que se están a desenvolver actividades son o bidueiro, o teixo, o piñeiro de Oregón, e a sequoia.

O xénero *Eucalyptus* non se inclúe no Catálogo Galego de Materiais base, nin nos da maioría dos países europeos, orientados a protexer a carga xenética mais adecuada das masas forestais autóctonas propias de cada rexión. Sen embargo este xénero segue un proceso de produción, control sanitario e etiquetado por parte dos viveiros moi semellante ao das especies do Catálogo.

Para o caso do eucalipto, a empresa Ence leva desde 1989 desenvolvendo un programa de mellora xenética para *Eucalyptus globulus*, co obxectivo principal de mellorar a calidade e produtividade e sostibilidade nas plantacións de eucalipto.

O programa centrouse ademais en mellorar a produtividade e calidade da madeira para uso de pulpa e papel, a resistencia a pragas e enfermidades mediante a selección de eucaliptos máis resistentes reducindo perdas, e tamén se traballou na selección de variedades que se adaptasen mellor as condicións específicas de Galicia.

A metodoloxía deste programa de mellora foi a selección clonal, a realización de cruces controlados, ensaios de campo así como a avaliación xenética para identificar os individuos coas mellores características hereditarias.

Os resultados do programa axudaron ao aumento do rendemento na produción, melloras na calidade da madeira para a industria pasteira (clons con maior densidade e mellores características da fibra), adaptación ao clima e xestión forestal máis eficiente e sostible.

Este traballo realizado por tantos anos é o que ten permitido un desenrolo do eucalipto sólido e ben adaptado as condicións do medio en Galicia, e permite hoxe manter un proceso continuo de adaptación ao cambio climático, mellora do crecemento e resistencia a pragas e doenzas. No caso do *E. nitens*, a semente empregada por ENCE é suministrada polos mellores provedores australianos de acreditada solvencia internacional, semente con niveis xenéticos avaliados e certificados e das procedencias australianas máis adaptadas ás condicións edafolóxicas, climáticas e sanitarias do noroeste peninsular. Toda a semente que se compra/importa vén perfectamente documentada, cun nivel xenético certificado e cun número de lote que garante a súa trazabilidade desde o horto sementeiro do proveedor ata o monte onde se planta.

No **Catálogo Galego de Materiais de Base**, (**Ver ANEXO 2**), temos as especies das rexións de procedencia indicadas e das categorías que se sinalan na táboa, co que podemos ter unha idea xeral das especies autóctonas e a súa pertenza e distribución.

Especies forestais máis utilizadas en produción e industria.

A industria da madeira demanda cada vez máis unha materia prima con características tecnolóxicas concretas. O primeiro chanzo para conseguir este obxectivo está na calidade xenética do material empregado nas repoboación.

..... Piñeiro do país: *Pinus pinaster*

O programa galego de mellora xenética do piñeiro do país comezou no Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF Lourizán) nos anos 80. Seleccionáronse 127 árbores superiores con bo crecemento e forma e pouca casca e ramosidade.

O piñeiro do país é unha das especies de referencia na produción forestal das provincias do interior de Galicia. Nelas hai un clima de transición entre o atlántico da costa e o mediterráneo e continental do interior e sur da península, polo que no inicio do programa de mellora do *Pinus pinaster* diferenciáronse dúas rexións de procedencia: Galicia Costa e Galicia Interior. Existe unha rede de ensaios de diversas procedencias (25) instalados nas provincias de Lugo e Ourense no ano 2007. Recentes avaliacións destas parcelas demostran a gran influencia da calidade de estación, no crecemento das diferentes procedencias. Sendo que destacan nos mellores ambientes, as procedencias do litoral, (Landas Francia, e horto sementeiro de Galicia). Dedúcese polo tanto que non é preciso diferenciar a rexión de procedencia do piñeiro país para facer seleccións independentes en cada zona.



..... Piñeiro insigne: *Pinus radiata*

No 1992 iniciouse o programa de mellora xenética da especie en Galicia seleccionando 88 árbores superiores por caracteres importantes para a produción de madeira (crecemento, rectitude, ángulo de ramas, estado sanitario). Continuaron os ensaios ata os anos 2001-2002.

Na actualidade, as últimas medicións permitiron seleccionar o mellor individuo de cada proxenie para a nova Poboación Principal de Mellora e os mellores catro xenotipos para os grupos de mellora definidos para a Poboación Élite (crecemento, rectitude, lonxitude e resistencia a *Dothistroma pini*, causante da banda vermella).



PROBLEMAS SANITARIOS EN CONÍFERAS. SOLUCIÓN E ALTERNATIVAS.

Todas as especies vexetais están expostas a sufrir enfermidades (fungos, parásitos, defoliadores, etc.) Isto ocorre tanto en especies forestais como por suposto naquelas agrícolas ou uso alimentario. As consecuencias dos problemas sanitarios son múltiples, dende a proliferación de pragas ata o propio cambio climático que modifica as condicións naturais da biosfera.

A loita contra os problemas sanitarios en coníferas leva moitos anos, e existen diferentes solucións para cada caso. A mellora xenética é o caso de éxito máis utilizado, o que trata de atopar exemplares resistentes a cada enfermidade, e ofrezan a súa vez calidades de madeira adecuadas aos mercados.

- **Procesionaria do piñeiro:** (*Thaumetopoea pityocampa*): ouruga defoliadora.
Solución con control biolóxico, control químico e trampas para capturar mariposas adultas.
- **Chancro Resinosos** (*Fusarium circinatum*): Fungo causante de resinación excesiva.
Solución por eliminación de árbores afectadas, selección xenética de variedades resistentes e evitando feridas en tratamentos silvícolas mantendo boas prácticas de manexo forestal
- **Barrenador do piñeiro** (*Tomicus piniperda/destruens*): Insectos barrenadores que afectan ao transporte da savia.
Solución mediante monitoreo e trampas, control químico e o uso dunha silvicultura preventiva que manteña as árbores vigorosas e fortes ante os ataques.
- **Nemátodos da madeira** (*Bursaphelenchus xylophilus*): o nemátodo obstrúe os condutos da savia afectando a supervivencia do individuo.
Solución mediante monitoreo e control regular para aplicar tratamentos adecuados, control dos vectores (insectos transmisores) que diseminan os nemátodos e establecendo de medidas de cuarentena para prever a introdución noutras áreas. Identificación de individuos xenéticos resistentes.
- **Banda marrón e Banda roxa** (*Lecanosticta acicola, Dothistroma pini/septosporum*): fungos defoliadores. Afectan de xeito especial ao *Pinus radiata* aínda que tamén a outras especies de coníferas.
Solución mediante boas prácticas silvícolas, evitar a dispersión, limpeza de ferramentas e recollida de sementes de plantacións non afectadas. Débese favorecer a circulación de aire entre as árbores para eliminar humidade e deter o desenrolo da enfermidade mediante podas e entresacas, evitando tamén altas densidades de plantación.

Perspectivas xerais de solución:

- Mellora xenética e selección de especies resistentes
- Control e detección temperá.
- Control biolóxico e manexo integrado de plagas.
- Investigación de desenrolo
- Educación e capacitación

Uso de especies alternativas con calidades industriais e de mercado con capacidade de resistencia e adaptación a pragas e enfermidades no contexto galego:

- ***Pinus taeda*:** orixinario do sudeste estadounidense. Ata 46 metros de altura, tronco recto e sen grande ramosidade. Utilizado en todas as industrias do piñeiro, taboleiro, serra e construción.

Na actualidade estase a levar a cabo a recolección de semente e o enxertado das novas árbores superiores seleccionados que formarán a Poboación Principal de Mellora de 2ª xeración, así como o enxertado dos compoñentes da Poboación Élite para poder comezar a realizar os cruzamentos controlados entre os mesmos.

..... Cerdeira *Prunus avium*

As liñas de investigación van enfocadas a conservar e seleccionar clons dedicados a produción de madeira mediante a selección de árbores superiores. Tamén se busca o xeito de que as plantas sexan capaces de adaptarse a enfermidades como a seca, xeadas, etc.

O primeiro clon de cerdeira admitido como material forestal de reprodución na categoría de cualificado é do ano 2011.

..... Castiñeiro de froito. *Castanea sativa*

No Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF Lourizán) lévase recollendo información sobre as variedades tradicionais de castiñeiro dende o ano 1982. Fíxose un inventario de denominacións, unha caracterización in situ e a caracterización en colección. Incluíronse das 23 variedades no Rexistro Español de Variedades Comerciais

Tamén se describiron e están rexistrados oito clons híbridos resistentes á enfermidade da tinta.

Algunhas das características máis importantes para os produtores e empresas de transformación son a produtividade, o tamaño da castaña, a súa conservación e as datas de produción.

Existe moita información sobre procedencias e variedades que pode ser consultada aos técnicos.



PROBLEMAS SANITARIOS EN CASTIÑEIRO. SOLUCIÓNS E ALTERNATIVAS

- **Tinta do castiñeiro** (*Phytophthora spp*): Fungo que infecta raíces e tronco.
Solución mediante control da humidade no solo, fungicidas e selección de áreas sen saturación en auga e/ou historial de enfermidade.
- **Chancro do Castiñeiro** (*Cryphonectria parasitica*): fungo que infecta a codia e necrosando a parte afectada.
Solución mediante resistencia xenética, control sanitario e destrución de árbores infectadas. Aplicación de fungicidas preventivos.
- **Avispiña do castiñeiro** (*Dryocosmus kuriphilus*): insecto que afecta a folla, reducindo a masa foliar xeral da árbore.
Solución mediante a loita biolóxica a través de un parasitoide (*Torymus sinensis*), evitando tratar con insecticidas nas épocas de voo, porque se corre o risco de perxudicar ao *Torymus*.

Perspectivas xerais de solución:

- Investigación xenética en variedades resistentes, hibridación.
- Manexo integrado de pragas e enfermidades.
- Control e detección temperá.
- Educación e capacitación .
- Desenrolo de fungicidas selectivos.




XÉNERO EUCALYPTUS

Especies non incluídas no catálogo galego de MFR, pero obxecto de mellora xenética dende a industria de transformación, que busca pechar o ciclo produtivo coidando dende o principio a calidade mediante a mellora xenética forestal. As especies máis utilizadas en Galicia son o *Eucalytus globulus* e o *Eucalyptus nitens*. Deste xeito termos unha idea de onde obter a mellor planta de eucalipto dispoñible. Recoméndase tratar con técnicos especializados, viveiros ou directamente coa industria galega do eucalipto





Eucalyptus globulus



CARACTERÍSTICAS CLONES ENCE DE EUCALYPTUS GLOBULUS

Anselmo	4	●	5	●	5	●	2	●	5	●	3	●
Odiel	3	●	4	●	4	●	5	●	5	●	4	●
Canden	5	●	5	●	3	●	3	●	2	●	5	●
Sancho	3	●	5	●	2	●	4	●	3	●	4	●
Piedra	5	●	3	●	4	●	4	●	1	●	5	●
Corumbel	3	●	3	●	4	●	3	●	5	●	3	●
Mirtiga	3	●	4	●	4	●	4	●	5	●	3	●
Jarrama	3	●	3	●	4	●	3	●	4	●	3	●
Colunga	4	●	3	●	2	●	3	●	2	●	4	●

Eucalyptus nitens



PROBLEMAS SANITARIOS EN EUCALIPTOS. SOLUCIÓNS E ALTERNATIVAS

- **Teratosphaeria spp:** complexo de fungos patóxenos que causan a mancha foliar do mesmo nome causando a redución do crecemento da árbore en idades novas.
Solución a través do uso de variedades resistentes, manexo silvícola e uso de funxicidas.
- **Gurgullo do eucalipto** (*Gonipterus platensis*): insecto defoliador, con afeccións moi importantes en Galicia.
Solución con control biolóxico, control químico e boas prácticas silvícolas. Mellora xenética.
- **Podremia radicular ou gummosis**, (*Phytophthora cinnamomi*): fungo que afecta a solos húmidos.
Enfermidade común en Galicia.
Solución no manexo da auga, evitando o encharcamento, control sanitario e uso de funxicidas en viveiros.

Perspectivas xerais de solución:

- Investigación xenética en variedades resistentes
- Manexo integrado de pragas e enfermidades.
- Control e detección temperá.
- Educación e capacitación
- Desenrolo de funxicidas selectivos.
- Uso de especies con maior capacidade de adaptación en función da zona.



5.5. Figura do Silvicultor Activo

As persoas ou entidades, con ou sen personalidade xurídica, propietarias ou xestoras de montes poden solicitar o recoñecemento de SILVICULTOR ACTIVO.

Este recoñecemento quere promocionar o desenvolvemento rural, porque os silvicultores contribúen ao desenvolvemento económico das zonas rurais, xerando emprego e actividade económica relacionada coa xestión forestal. Deste xeito facilita o acceso a axudas de xeito prioritario dentro das convocatorias públicas de apoio a xestión forestal sostible.

Un silvicultor activo, está comprometido coa xestión sostible dos bosques, e contribúe a conservación da biodiversidade, a protección dos ecosistemas e a explotación madeireira. Un silvicultor activo realiza actividades de prevención de incendios forestais.

Esta figura favorece o cumprimento das normativas ambientais e forestais actuais, contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

Esta figura é unha peza clave para a xestión sostible dos bosques e o desenvolvemento económico no rural.

O rexistro voluntario atópase no *capítulo IV da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*.

O Servizo Provincial de Montes valora a solicitude de recoñecemento (xunto coa documentación acompañante), e verifica que se cumpren os requisitos esixidos. O silencio administrativo indica que se acepta a solicitude. Logo do recoñecemento, poderanse solicitar as certificacións, de xeito telemático baixo sinatura electrónica.

O número de solicitudes e superficies é publicado periodicamente nos informes de estatística forestal.

Un condicionante para darse de alta é atoparse dentro de un grupo de certificación forestal, como por exemplo o Grupo Tenzas ou o Grupo Alvariza, entre outros.

Enlace:

<https://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=MR608C&ano=2022&numpub=1&lang=es>

<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/21566429>

5.6. Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas

A Xunta crea o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas, para calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada (inclúe as CMVMC).

Este rexistro non se adapta moi ben a propiedades de minifundio, posto que a superficie mínima son 15 has xuntas, e con árbores de ao menos 20 anos de idade (que pertencen ao Anexo I).

De todos xeitos deixamos a información de acceso por se algún lector quixese afondar neste tema.

Os beneficios xerais son prioridade na concesión de axudas públicas, pode acceder a contratos públicos de xestión forestal. Vanse dar prioridade a xestión activa, a conservación, actuacións e aproveitamentos continuados, utilizando os modelos silvícolas que sexan de aplicación.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200108/AnuncioG0426-271219-0009_es.html



06 Opcións de xestión agrupada

OPCIÓN DE XESTIÓN AGRUPADA

En Galicia, hai diversas opcións de xestión conxunta de propiedade forestal que os propietarios poden considerar. Sendo opcións desenvolvidas nas últimas décadas, convén partir de modelos de maior flexibilidade e menor esixencia e, caso de que máis adiante resulte interesante, facer unha transición cara a outras máis robustas e menos a medida. En calquera caso, en caso de non telo claro, sempre é posible recorrer ao asesoramento técnico de profesionais.


Dentro das opcións de propiedade colectiva, deixamos fora deste capítulo as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, e os Montes de Varas, Abertais, de Voces ou Fabeo, por teren unhas características especiais que non se adaptan ao concepto de xestión conxunta en propiedade de minifundio, para os cales se dirixe este Manual de Herdeiros.


Un dos principais retos á xestión forestal en Galicia é o minifundio. O reducido tamaño de moitas parcelas implica maiores custes de xestión e menor produtividade. Para facilitar a xestión das pequenas propiedades forestais existen diferentes formas de agrupación e/ou colaboración entre propietarios forestais.

Estas fórmulas de xestión conxunta ou agrupada presentan as seguintes vantaxes:

- 1. Maior prezo pola madeira.** Ó vender unha superficie maior de forma conxunta redúcense os custos da corta posto que existen menos gastos de transporte de maquinaria, facilítase o traballo de corta da madeira e é máis sinxelo planificar as vías de saca.
- 2. Montes mellor xestionados:** a xestión conxunta favorece unha xestión profesionalizada, repartindo custes entre os/as propietarios/as.
- 3. Montes máis produtivos:** a axeitada planificación das plantacións e cortas dunha superficie de maior tamaño evita que as plantacións teñan que competir entre elas e optimiza o uso das infraestruturas forestais.
- 4. Montes mellor conservados:** con unha xestión conxunta redúcese o risco de incendio e facilítase a toma de medidas ante a aparición de pragas ou enfermidades. Ademais rexenerar unha ribeira ou manter un corredor ecolóxico para a fauna é moito máis viable a partir de certo tamaño
- 5. Prioridade na obtención de axudas públicas,** en caso de revestir determinadas formas xurídicas previstas nas correspondentes ordes.

As agrupacións forestais poden responder a diferentes figuras, cada unha co seu réxime xurídico e as súas implicacións fiscais.





1. **Asociacións sen ánimo de lucro:** entidades constituídas para o apoio e asesoramento a propietarios ou titulares, co fin de planificación da xestión e comercialización conxunta dos aproveitamentos. Por exemplo **PROMA'S**.
2. **Sociedades civís:** asociacións de dúas ou máis persoas que se unen para xestionar de forma conxunta, toma de decisións etc. Así como facilitar a obtención de recursos compartidos. A xestión de agrupacións máis sinxela e con mellor relación calidade/esfuerzo son as sociedades civís.
3. **Comunidades de bens:** son agrupacións de propietarios que comparten un ben ou conxunto dos mesmos, xestionarían pois os recursos forestais de xeito conxunto.
4. **Sociedades agrarias de transformación (SAT):** estas sociedades permiten a propietarios agrícolas ou forestais unirse para compartir recursos e maquinaria, facilitando a xestión conxunta.
5. **Xestión a través de Entidades Locais:** En certos casos, os propietarios poden traballar con entidades locais, como concellos ou mancomunidades, para desenvolver plans de xestión forestal conxunta. Estas entidades poden ofrecer asesoramento técnico e axuda na implementación de prácticas sostibles.
6. **Sociedades mercantís reguladas na lexislación de sociedades de capital.**
7. **Sociedades de fomento forestal (SOFOR):** formadas por propietarios forestais que se asocian para xestionar as súas terras de xeito sostible e eficiente a través de prácticas responsables, prevención de incendios e a mellora da xestión global dos recursos forestais.
8. **Agrupación de xestión conxunta:** instrumento de fomento forestal sobre a Lei 7/2012. Superficie mínima de 10 has, das que se debe acreditar disposición dos dereito de uso unha porcentaxe superior ao 70%. Permite asinar acordos con propietarios veciños a Agrupación, para o uso dos terreos sen necesidade de estar integrados como socios. É necesario redactar un documento de xestión ou ordenación e dispoñer de servizos de persoal técnico profesional. (***)
9. **Os Polígonos Agroforestais** son áreas específicas destinadas a fomentar prácticas agroforestais, que integran a produción agrícola coa xestión sostible dos recursos forestais. Estes polígonos promoven un uso multifuncional do territorio, combinando actividades agrícolas e forestais para lograr beneficios económicos, sociais e ambientais. A través de incentivos e apoio técnico, a Administración Forestal busca impulsar a diversificación das actividades no rural, conservación e mitigación do cambio climático. Desenrólase esta figura en maior detalle en apartados seguintes.



AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA

Calquera das figuras xurídicas anteriormente definidas poden servir de base para a constitución dunha agrupación forestal de xestión conxunta.

O obxecto destas agrupacións forestais de xestión conxunta serán, de forma exclusiva, un ou varios dos seguintes:

- a. A mobilización de terreos forestais por medio dunha actuación de xestión conxunta.
- b. A explotación e o aproveitamento conxunto dos terreos forestais mediante unha xestión sustentable e multifuncional dos produtos e servizos forestais, contribuíndo a aumentar a rendibilidade e a calidade dos recursos forestais. Para estes efectos, entenderanse por recursos e servizos forestais aqueles definidos polo artigo 84 desta lei.
- c. A comercialización, prestación e/ou produción conxunta de produtos e servizos forestais, a realización de melloras no medio rural, a promoción e desenvolvemento agrarios e a prestación de servizos comúns que sirvan a aquela finalidade.
- d. A xestión activa e valorización das masas consolidadas de frondosas autóctonas, tendo en conta os beneficios sociais e ambientais que achegan á sociedade galega.
- e. O apoio á xestión forestal sustentable no marco das estratexias de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático e nas políticas activas de descarbonización, sen esquecer o seu papel como refuxio da biodiversidade e a importancia que presente en servizos fundamentais para a vida.
- f. A restauración e conservación de ecosistemas forestais

REQUISITOS DAS AGRUPACIÓNS FORESTAIS DE XESTIÓN CONXUNTA

- Superficie mínima: **10 ha**
- Necesita **acreditación da disposición dos dereitos** de uso sobre un 70 % da superficie
- As persoas que forman parte da AFXC deben **asinar a cesión ou delegación da planificación de xestión e comercialización** conxunta durante un **plazo mínimo de 10 anos**, ou o que permita completar a quenda do aproveitamento principal, no caso de que esta sexa maior.

PASOS PARA PARA CONSITUÍR UNHA AGRUPACIÓN FORESTAL DE XESTIÓN CONXUNTA

1. Constitución da figura xurídica elixida.
2. Declaración censal de alta ante a Axencia Estatal Tributaria.
3. Solicitud de NIF provisional. Unha vez que se dispoña da inscrición da figura xurídica elixida no correspondente rexistro poderá solicitarse o NIF definitivo.
4. Solicitud do certificado dixital.
5. Para o recoñecemento de agrupación forestal de xestión conxunta consonte ó procedemento MR608B.
6. No prazo de un ano dende a súa inscrición no Rexistro de AFXC, a agrupación debe presentar ante a Administración forestal un instrumento de ordenación ou xestión forestal para a superficie sobre a que se estende a agrupación.

¿VOU PERDER A PROPIEDAD SOBRE A MIÑA PARCELA SE ME ADHIRO A UNHA AGRUPACIÓN FORESTAL DE XESTIÓN CONXUNTA?

Non. Existen diferentes xeitos de realizar as aportacións de cada socio á agrupación. Pode aportarse a propiedade, pode cederse só o uso sobre a parcela durante un período temporal limitado ou pode acordarse autorizar simplemente a representación a favor da agrupación de cara a negociar a venda conxunta de lotes de madeira.

En todo caso, antes de constituír unha agrupación forestal de xestión conxunta, é recomendable contar co asesoramento técnico e legal de profesionais especializados en materia forestal.



Os **Polígonos Agroforestais** son áreas específicas destinadas a fomentar prácticas agroforestais, que integran a produción agrícola coa xestión sostible dos recursos forestais. Estes polígonos promoven un uso multifuncional do territorio, combinando actividades agrícolas e forestais para lograr beneficios económicos, sociais e ambientais. A través de incentivos e apoio técnico, a Administración Forestal busca impulsar a diversificación das actividades no rural, conservación e mitigación do cambio climático. A constitución dun polígono agroforestal pode realizarse a partir dunha iniciativa pública ou privada.

REQUISITOS

- Acordo dos propietarios que **representen o 70% da superficie do polígono**.
- Superficie mínima: **10 ha**.
- Situación de **abandono** ou **infrautilización** dun **mínimo do 50% do polígono produtivo**.
- **Axentes promotores** produtivos para os polígonos privados.

Este tipo de proxectos levan aparelado un proceso de reestruturación da propiedade así como o acondicionamento das parcelas e das infraestruturas viarias necesarias.

PASOS PARA XERAR UN POLÍGONO AGROFORESTAL DENDE O PUNTO DE VISTA TÉCNICO E PROMOTOR DA ADMINISTRACIÓN.

- **Estudo de viabilidade:** Realizar un estudo de viabilidade para avaliar a idoneidade do terreo para prácticas agroforestais. Avaliar a diversidade ecolóxica e os recursos naturais presentes na área.
- **Mobilización de propietarios:** Identificar e involucrar a propietarios de terras na área para promover a participación na xestión agroforestal.
- **Creación de asociacións ou agrupacións:** Facilitar a creación de asociacións ou agrupacións de propietarios forestais e agrícolas para fomentar a colaboración e a xestión conxunta.
- **Desenvolvemento de Plans de Xestión:** elaborar plans de xestión agroforestal que inclúan prácticas sustentables e a diversificación de actividades, integrando agricultura e silvicultura.
- **Asesoramento Técnico:** proporcionar asesoramento técnico para propietarios sobre prácticas agroforestais, recursos dispoñibles e técnicas de xestión sostible.
- **Incentivos Económicos:** establecer incentivos económicos para propietarios que adopten prácticas agroforestais, como subvencións ou axudas financeiras.
- **Formación e Capacitación:** ofrecer programas de formación e capacitación para propietarios e traballadores no investimento de prácticas agroforestais.
- **Trámites Administrativos:** facilitar os trámites administrativos necesarios para a creación do polígono agroforestal, incluíndo autorizacións e permisos.
- **Divulgación e Sensibilización:** desenvolver campañas de divulgación e sensibilización para involucrar á comunidade local e aumentar a comprensión sobre os beneficios das prácticas agroforestais.
- **Seguimento e Avaliación:** establecer sistemas de seguimento para avaliar o impacto das prácticas agroforestais e facer axustes segundo sexa necesario.

Estes pasos poden variar dependendo das características específicas da rexión e da comunidade local. Unha coordinación estreita con Técnicos Profesionais e Administración pode facilitar o proceso de establecemento dun polígono agroforestal.

CADRO RESUMO DAS DISTINTAS OPCIÓNS DE XESTIÓN AGRUPADA E/OU CONXUNTA

	SA	SL	CB	SC	Cooperativa	SAT	Asociación
Nº mínimo socios	1	1	2	2	3	3	3
Forma de constitución	Escritura pública	Escritura pública	Documento privado	Documento privado	Escritura pública	Escritura pública	Acta fundacional e Estatutos inscritos no Rexistro de Asociacións
Capital social mínimo	60.000	3.000	Non existe capital mínimo	Non existe capital mínimo	3.000	Non existe capital mínimo	Non existe capital mínimo
Tributación	Imposto de sociedades	Imposto de sociedades	Imposto sobre a renda	Imposto sobre a renda	Imposto de sociedades - Tipo impositivo reducido	Imposto de sociedades	Imposto de sociedades - Réxime especial
Perda da propiedade	Depende da forma de constitución	Depende da forma de constitución	Depende da forma de constitución	NON	Depende da forma de constitución	Depende da forma de constitución	NON

A través de calquera destas figuras se pode levar a cabo unha xestión agrupada de superficies forestais ou pode servir de base para a constitución dunha agrupación forestal de xestión conxunta. No cadro anterior realízase unha análise dos requirimentos de cada unha delas. Podemos concluír que aquela entidade que presenta menores requirimentos son as sociedades civís. Basta con 2 socios, non teñen capital social mínimo, formalízanse cun simple documento privado, non implican perda da propiedade sobre a parcela e o réxime fiscal de aplicación é o menos gravoso para o propietario.

É importante consultar coas autoridades locais, organizacións forestais e profesionais do sector para obter información específica e asesoramento sobre a mellor opción de xestión conxunta de propiedade forestal en Galicia. Na xestión conxunta de parcelas ou masas forestais non inflúe na titularidade das propiedades nin na configuración física das mesmas, os integrantes conservarán as súas parcelas pero deben asumir o compromiso final do obxecto da agrupación.

Para obter maior información consultar co equipo técnico de Bioeco2 www.bioeco2.com o de Ence Terra www.enceterra.gal





07 Opcións de xestión por terceiros

7.1. Arrendamentos e contratos con outras entidades

Os propietarios forestais teñen a posibilidade de realizar arrendamentos ou contratos con entidades privadas (por exemplo a industria forestal) para o aproveitamento das súas terras. Esta opción permite aos propietarios poñer á disposición das entidades interesadas en desenvolver actividades produtivas como a silvicultura ou outras relacionadas coa xestión forestal.

Mediante o arrendamento, o propietario concede o dereito de uso da terra a un arrendatario por un período de tempo determinado, a cambio dunha renda ou compensación acordada. Este tipo de acordo pode ser beneficioso tanto para o propietario, que obtén unha renda polo uso da súa terra, como para o arrendatario, que accede a terreos adecuados para desenvolver as súas actividades.

Os contratos celebrados entre propietarios forestais e entidades privadas poden incluír condicións específicas sobre o uso da terra, a conservación dos recursos naturais, a realización de traballo forestal, e outros aspectos relacionados coa xestión e mantemento das parcelas. Estes contratos poden ser renovables ou ter unha duración determinada, e deben ser elaborados de acordo coa lexislación vixente e os intereses de ambas as partes.

Existen modalidades de consorcios e contratos mixtos. Os consorcios reparten a rendabilidade entre propietario e xestor fundamentalmente. En ámbolos dous contratos as inversións de xestión realízas o xestor, non o propietario. No arrendamento o propietario asegúrase unha renda acordada.

En resumo, a posibilidade de realizar arrendamentos ou contratos con entidades privadas ofrece aos propietarios forestais a oportunidade de xestionar de forma eficiente as súas terras e colaborar co desenvolvemento de actividades produtivas no medio rural. Ao mesmo tempo, contribúe á dinamización do mercado de terras e á promoción da sustentabilidade económica e ambiental nas zonas forestais. Para obter máis información debes de poñerte en contacto coas empresas que ofrecen este servizo ou ben coa asociación BIOeCO².

7.2. Banco de Terras

O Banco de Terras é un instrumento desenrolada pola Consellería de Medio rural que pretende evitar o abandono das terras. A través desta ferramenta trátase de poñer en contacto ó propietario de fincas rústicas con entidades ou persoas interesadas en aproveitálas para usos agrícolas, gandeiros, forestais ou de conservación da natureza.

Mostramos nun listado os obxectivos e procedementos de funcionamento do Banco de Terras:

- 1. Obxectivo:** O principal obxectivo do Banco de Terras é facilitar o acceso á terra para actividades agrícolas, forestais e outras actividades relacionadas, promovendo así o desenvolvemento rural e a revitalización do sector primario en Galicia.
- 2. Identificación de terras dispoñibles:** O Banco de Terras identifica terras dispoñibles para arrendamento ou cesión, xa sexa a través de propiedades públicas ou privadas que non están en uso ou están subutilizadas. Isto pode incluír terras rurais, agrícolas ou forestais.
- 3. Rexistro de terras e interesados:** Propietarios de terras interesados en arrendar ou ceder as súas terras para actividades agrícolas poden rexistrar as súas propiedades no Banco de Terras. Do mesmo xeito, persoas ou entidades interesadas en traballar a terra poden rexistrar as súas necesidades e proxectos no banco.
- 4. Cruce de informacións:** O Banco de Terras actúa como un intermediario entre propietarios de terras e potenciais arrendatarios ou beneficiarios. A través dun sistema de informacións, son cruzadas as necesidades e intereses das partes implicadas, facilitando así o proceso de acceso á terra.
- 5. Asistencia e apoio:** O Banco de Terras ofrece asistencia e apoio técnico para propietarios e arrendatarios, axudando na elaboración de contratos de arrendamento, na negociación de condicións e no acompañamento dos procesos de arrendamento ou cesión de terras.
- 6. Xestión de contratos:** Unha vez establecidos os acordos entre propietarios e arrendatarios, o Banco de Terras pode axudar na xestión dos contratos, garantindo o cumprimento das condicións acordadas e resolvendo eventuais conflitos que poidan xurdir.
- 7. Vixilancia e avaliación:** O Banco de Terras realiza unha vixilancia continua das actividades desenvolvidas nas terras arrendadas ou cedidas, avaliando o impacto económico, social e ambiental destas iniciativas.
- 8. Actualización e expansión:** O Banco de Terras está en constante actualización e busca expandir a súa base de datos de terras dispoñibles e potenciais interesados, promovendo así unha maior dinamización do mercado de terras e unha utilización máis eficiente dos recursos naturais.

En resumo, o Banco de Terras de Galicia actúa como un facilitador para o acceso á terra e para o desenvolvemento de actividades produtivas no medio rural, promovendo así a sustentabilidade e a diversificación económica nas zonas rurais da rexión.

A close-up photograph of a forest floor, showing a dense layer of green leaves, moss, and small, round, green fruits, possibly huckleberries or similar. The lighting is soft, creating a natural and vibrant scene.

08

Certificado forestal

A XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE

A xestión forestal sostible é un xeito de abordar a xestión forestal que procura manter ou mellorar a diversidade dos bosques dende o punto de vista da produción, o benestar das comunidades locais e sociedade así como a saúde dos ecosistemas. Para acadar este obxectivo, é preciso planificar e incorporar prácticas forestais que respecten os ciclos naturais, promovan a rexeneración da vexetación e minimicen os impactos ambientais. Ao mesmo tempo, impacta no equilibrio entre o aproveitamento dos recursos forestais coa conservación da biodiversidade, a protección dos ecosistemas e a mitigación dos efectos do cambio climático, garantido a sustentabilidade a longo prazo dos montes.

OS SELOS DE CERTIFICACIÓN FORESTAL SOSTIBLE

Os selos de certificación forestal sostenible, como o FSC® (Forest Stewardship Council®) e o PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification), son sistemas globais que etiquetan os produtos que interveñen no mercado de orixe forestal. Estes selos ofrecen a eses produtos forestais, como por exemplo a madeira, un recoñecemento que indica ao consumidor: produto procedente de *bosques xestionados de maneira responsable e sostible*. Garanten polo tanto, que a xestión dos montes compren cos estándares ambientais, sociais e económicos que estes esquemas de certificación definen nos seus procedementos e estándares.

A certificación implica ter auditorías independentes para avaliar o cumprimento destes estándares; respectando as Leis, asegurando que se conserve a biodiversidade, que se protexan os dereitos dos traballadores e das comunidades locais, que se manteñan prácticas forestais equitativas e sostibles, e que se leven a cabo actividades de xestión forestal adaptadas aos requirimentos dos nosos montes e previamente planificadas, de xeito que se cumpra tecnicamente cos instrumentos de xestión ou coas adhesións a modelos silvícolas escollidos polo propietario e presentados ante á administración forestal

Estes selos proporcionan aos consumidores a confianza de que os produtos que adquiren proveñen de fontes responsables, contribuíndo así á preservación dos bosques e ao fomento de prácticas sostibles na industria forestal. Ámbolos dous selos son sistemas globais que buscan asegurar unha xestión forestal sostible baixo os obxectivos indicados arriba. Estas certificacións, teñen un impacto significativo no mercado de produtos forestais, (papel, mobles, madeira estrutural, cortiza, froitos, etc.), asegurando que os produtos proveñen de bosques xestionados de maneira responsable, e compren con estándares ambientais, sociais e económicos.

¿POR QUÉ DEBO CERTIFICARME?

Este compromiso coa sostibilidade reflicte nunha resposta á demanda crecente dos **consumidores** por produtos éticos e **respectuosos co medio ambiente**, controlados a través de mecanismos de trazabilidade dos produtos. **Empresas** e consumidores cada vez máis valoran os produtos certificados, o que pode xerar unha maior demanda e **preferencia no mercado**. Ao mesmo tempo, a certificación fomenta prácticas sostibles na industria forestal, contribuíndo á preservación dos bosques e á mellora da imaxe da empresa. En resumo, os selos de xestión forestal sostible teñen un impacto positivo ao influír nas decisións de compra de produtos de orixe forestal.

Por outra banda, as **Administracións Públicas** apoian e fomentan que os propietarios forestais se certifiquen, debido a que se trata de unha acción de impacto positivo na sociedade e territorio. As parcelas certificadas soen obter unha maior puntuación nas ordes de subvencións que publican as administracións públicas.

¿CÓMO PODO CERTIFICAR A MIÑA XESTIÓN?

O xeito de obter a certificación en xestión forestal sustentable polos selos FSC® e PEFC para un propietario forestal, é a través de unha **modalidade Grupal**.

O proceso é poñerse en contacto cun Xestor de Grupo (**empresa especializada**), onde o propietario accede converténdose en Membro. O Grupo actúa como paraugas e vela polo cumprimento dos estándares para que o propietario e xestor forestal poida beneficiarse destas ferramentas de mercado. O Membro adquire **unhas obrigas e uns dereitos**, e asina un Compromiso.

É moi importante ter en conta que o Membro debe ter **canais de comunicación directa co Grupo de Certificación** onde inclúa as súas propiedades forestais, debe recibir toda a formación necesaria e estar ao tanto de todos os procesos que se levan a cabo na xestión do propio Grupo e das parcelas que nel están incluídas.

Enlaces as páxinas dos selos:

<https://www.es.fsc.org/es-es>

<https://www.pefc.es/>



09

Servizos dos Ecosistemas e proxectos de absorción de CO₂

DEFINICIÓN

Os servizos dos ecosistemas (S.E), son aqueles **beneficios** que os ecosistemas biolóxicos proporcionan as persoas e sociedade. Aínda que ao longo deste punto ímonos centrar nos servizos que non corresponden directamente aos produtos da madeira e derivados, de forma xenérica poden ser clasificados en cinco categorías principais: servizos de provisión (alimentos e recursos naturais), servizos de regulación (purificación de aire e auga e regulación climática), servizos de soporte (formación de solo e ciclos de nutrientes), servizos culturais (estéticos, recreativos, espirituais derivados da interacción co medio natural), quedando un último e quinto servizo que engloba a conservación da biodiversidade, dos reinos animal e vexetal.

9.1. Servizos ecosistémicos e mercado

Os servizos ecosistémicos dende o punto de vista do mercado, refírese a aqueles beneficios tanxibles e intanxibles que os ecosistemas proporcionan a sociedade.

Os traballos de mellora e conservación destes servizos ecosistémicos poden ser obxecto de patrocinio, obtendo deste xeito o que se ven chamando “pago por servizos ambientais”.

Os servizos detallados no parágrafo anterior, son recoñecidos polo seu valor económico, porque poden influír nas actividades empresariais a través de diferentes procedementos e intereses, podendo realizarse transaccións económicas grazas a eles beneficiando ao propietario e aportando valor a actividade das empresas.

Existe unha crecente conciencia sobre a importancia dos servizos ecosistémicos nos mercados, o que leva a integrar iniciativas de conservación a través de prácticas empresariais e políticas públicas. Os mercados e empresas están a recoñecer que a preservación e xestión sostible dos ecosistemas implica que a conservación ambiental inflúe na propia sustentabilidade das actividades económicas a longo prazo.

FERRAMENTAS E FUNCIONAMENTO DOS MERCADOS DOS S.E.

Dende o punto de vista da sustentabilidade empresarial, o Capital Natural (apartados anteriores), é esencial para o éxito a longo prazo das empresas, o que significa unha oportunidade para o propietario e territorio. As empresas dependen destes recursos para obter materias primas, enerxía, auga ou assimilar os residuos xerados polas súas operacións. Polo tanto crease un concepto denominado compensación por actividades empresariais, que se refire aos esforzos das empresas para equilibrar ou compensar os impactos negativos que xeran no capital natural ou nos S.E. Algunha das accións que realizan as empresas levan tempo funcionando e, hai outras iniciativas recentes que axudan a que estes impactos se leven a cabo e cheguen ao territorio a modo de accións ou recursos económicos para acometelas (reforestacións, prácticas sostibles, protección do solo, tecnoloxías máis limpas, etc.)

As fórmulas ou conceptos mediante os cales as ORGANIZACIÓNS/EMPRESAS poden (e deben) axudar mediante o compromiso de conservar os S.E. son as seguintes:

ESG (Environmental, Social, Governance) – (Ambiental, Social e Goberno)

Estes criterios son utilizados polas empresas para avaliar o seu desempeño xeral dunha empresa en termos de sustentabilidade e responsabilidade corporativa.

Así, actúan en emisións de CO₂, xestión da auga, etc. Ao mesmo tempo consideran aspectos relacionados coas comunidades locais, diversidade, e tamén se centran na propia estrutura de goberno das empresas, transparencia, ética, etc.

A través do **PROPÓSITO**, as empresas mediante a súa ESG, adoptan un compromiso social e ambiental que é imprescindible para inversores e outras partes interesadas.

Compensación por actividades empresariais

A compensación por actividades empresariais céntrase especificamente na idea de compensar os impactos negativos que unha empresa pode xerar no medio ambiente ou noutros aspectos sociais. Similar ao ESG, contempla elementos específicos, como a **restauración ou mitigación** (moi interesante para os intereses dos propietarios forestais), onde se poden poñer en marcha proxectos para a conservación da biodiversidade, reducións ou compensación de emisión de carbono, ou o **equilibrio**, no que o que se busca é equilibrar os impactos negativos con accións positivas para o medio ambiente e o seu entorno a pesar dos impactos negativos inevitables da acción empresarial e industrial, e mantelos en equilibrio

Non existe unha acreditación oficial en Europa específica para medir (e realizar) o impacto da aplicación dos criterios anteriores, sen embargo existen fórmulas, iniciativas e certificacións relacionadas coa sustentabilidade e os criterios ESG, que as empresas poden buscar para demostrar o compromiso, e os propietarios poden recibir as axudas, patrocinios ou recursos económicos. Estas accións poden impactar en accións ou produtos.

Sistema de Etiquetado Ecolóxico da UE (Ecolabel). Non específico na ESG, reflicte un compromiso coa sustentabilidade

Iniciativa de Transparencia da Cadea de Subministro da UE. Pode ter implicacións para aspectos sociais e de goberno dentro dos ESG.

Principios de Inversión Responsable (PRI). Non sendo unha certificación específica para empresas existen empresas europeas que adoptan os ESG que son signatarias de los PRI.

ISO 14001 (Xestión Ambiental) y ISO 26000 (Responsabilidade Social).

VALORACIÓN DAS EXTERNALIDADES E ATRACCIÓN DAS INVERSIÓNS SOSTIBLES PARA PROPIETARIOS FORESTAIS. MERCADOS VOLUNTARIOS.

Obter ingresos por patrocinio / apoio de servizos ambientais xerados polas actividades forestais, é unha práctica que vai gañando importancia no ámbito da xestión forestal sostible dos bosques. Hoxe en día os mercados máis coñecidos vencellados aos servizos ecosistémicos son os mercados voluntarios de carbono, sen embargo existen outras fórmulas que nos poderían permitir obter un apoio económico nas nosas actividades de restauración e de conservación e mellora dos distintos servizos ecosistémicos:

1. MERCADOS DE CARBONO (ten apartado específico no seguinte punto do manual).

Págase por absorber e almacenar carbono polas árbores. Isto é factible a partir de proxectos de captura de carbono e a venda de créditos nos Mercados de Carbono.

2. PROGRAMAS DE PAGO POR SERVIZOS AMBIENTAIS (PSA)

Os propietarios reciben pagos por proporcionar servizos ambientais valiosos, como a conservación de auga, protección da biodiversidade ou a captura de CO₂.

3. CONSERVACIÓN E FOMENTO DA BIODIVERSIDADE

A conservación da biodiversidade dos bosques pode ser realizada mediante patrocinios de entidades privadas dedicados a esta finalidade, a través de programas de verificación, medición e conservación. Deste xeito, algúns mercados recoñecen o valor intrínseco da biodiversidade actúan en prácticas que protexen e fomentan a diversidade biolóxica.

4. CERTIFICACIÓN FORESTAL SOSTIBLE en SERVICIOS ECOSISTÉMICOS.

Obter certificación de xestión forestal sostible ampliado a ecosistémicos, permite aos propietarios acceder a mercados que valoran a sustentabilidade como fonte de produtos con valor engadido.

Obter a certificación FSC® en xestión forestal permite a acceder a certificación FSC® de Servizos ecosistémicos (SE), que ten un procedemento que se audita específico, que permite obter un selo e demostrar as organizacións a existencia de servizos dos ecosistemas no teu monte e o xeito de conservalos, de forma que asinan contratos con estas organizacións ou empresas para recibir pagos polos servizos que se demostren. Deste xeito poden executarse accións financiadas coa finalidade da conservación e mellora daqueles servizos que se desexan conservar. Auga, solo, biodiversidade, uso social, e CO₂.

5. INVERSIÓNS EN RSC e ESG. Financiamento para proxectos de conservación e sostibilidade.

Como se comentou anteriormente, as empresas grazas as inversións en RSC e ESG adoptan compromisos coa sustentabilidade, a xestión forestal sostible dos recursos naturais buscando xerar un impacto positivo que sexa validado pola sociedade. Pretenden mellorar a súa imaxe e reputación, tanto para clientes coma inversores.

Isto pode levarse a cabo dentro dos programas internos de inversión deses departamentos, ou acoñéndose a selos como o FSC® SE, por exemplo, onde os propietarios forestais particulares ou comunidades de montes dispoñen dos produtos para que invistan en melloras para a saúde dos ecosistemas.

9.2.1 Proxectos de absorción de CO₂

Os nosos bosques e montes xogan un papel clave na mitigación e adaptación ao cambio climático. Entre outros servizos de regulación, interveñen na calidade do aire, captan e almacenan carbono ou actúan sobre a prevención da erosión e conservación do solo.

As estratexias de xestión forestal orientadas a atenuar el cambio climático céntranse en potenciar a capacidade de absorción de gases de efecto invernadoiro dos bosques, tanto con incremento da superficie forestal, reforestación ou restauración, como coa xestión das masas xa existentes mediante os tratamentos silvícolas.

A valoración dos bosques como sumidoiro de carbono depende da súa produtividade forestal e capacidade de almacenamento, como valores propios dos ecosistemas e base do servizo que prestan. O carbono pode almacenarse en distintos compartimentos dos sistemas forestais: a biomasa viva aérea, tronco e copa, a biomasa viva subterránea, raíces, a madeira morta, restos vexetais e composición orgánica do solo.

O ciclo do carbono nos bosques

O carbono é un dos elementos químicos máis abundantes no noso planeta, acumulándose principalmente na atmosfera, océanos, solos e seres vivos. Os intercambios entre estes sistemas prodúcense principalmente entre os bosques, atmosfera, solos e vexetación. Dentro dos ecosistemas terrestres, solos e biomasa vexetal, especialmente as árbores, son os que máis contribúen á acumulación de carbono.

No ciclo, as árbores incorporan o dióxido de carbono da atmosfera aos seus procesos metabólicos a través da fotosíntese, e na medida que crecen ao longo dos anos, almacenan o carbono e o converten en material leñoso, desprendendo tamén parte da biomasa vexetal (follas, froitas, ramas) que se degradan e incorporan ao solo grazas a actividade dos descompoñedores.

O papel de sumidoiro dos bosques enténdese, polo tanto, na súa xestión e mantemento sostible ao longo dos anos e na creación e aumento de máis superficie forestal.

Os proxectos de absorción

Os proxectos de absorción de CO₂ son todos aqueles encamiñados a aumentar a captura e almacenamento de carbono, incluíndo proxectos de reforestación, restauración de bosques e zonas degradadas, proxectos agroforestais ou cambios de obxectivo deica o aumento da quenda de rotación das plantacións.

É importante que os teñamos en conta, xa que, co fin asociado da mitigación do cambio climático, se a nosa plantación ou monte cumpre coas condicións pode contar para o mercado voluntario de créditos de carbono, dirixido a organizacións públicas, empresas ou cidadáns que, responsabilizados pola pegada de carbono que producen nas súas actividades, poden compensar deste xeito as emisións de CO₂ adquirindo créditos de carbono ao participar como financeiros de proxectos.

Para ser considerados como proxectos de absorción deben cumprir dous requisitos básicos, adicionalidade e dobre contabilidade, isto é, que o proxecto non se levaría a cabo sen unha iniciativa e inversión (p. exem, unha plantación ou restauración), e que os créditos absorbidos e postos non mercado non se contabilicen dúas veces, ben de xeito privado ou público polo goberno do país onde se sitúa.

Rexistro dos proxectos de absorción

Para asegurar a confianza no proceso, en España aprobouse o Real Decreto 163/2014¹ onde se crea o rexistro de proxectos de absorción, con carácter voluntario e para todas aquelas iniciativas dentro do territorio nacional que mediante accións relacionadas co uso da terra e silvicultura aumenten o carbono almacenado.

Tipoloxías de proxectos de absorción

A data desta publicación, existen dúas tipoloxías de proxectos de absorción de CO₂ inscribibles:

- **Tipo A:** repoboacións forestais con cambio de uso do solo, co condicionante de que na superficie de actuación non había bosque, polo menos, dende o 31 de decembro de 1989 ata o momento da nova plantación.
- **Tipo B:** Actuacións en zonas forestais incendiadas para o restablecemento da masa forestal existente, é dicir, a superficie de actuación xa era un bosque, pero perdeu dita condición debido ao incendio forestal.

As accións do proxecto deben ir orientadas, mediante plantación, sementado ou rexeneración restablecer a condición previa de bosque, con características o máis similares posibles ao bosque anterior en canto a especies e formación, sempre e cando, este bosque no fose unha zona alterada en ausencia de xestión.

Características dos proxectos de absorción

Todo proxecto que se rexistre debe cumprir coas seguintes condicións:

¹ Real Decreto 163/2014, de 14 de marzo, por el que se crea el registro de huella de carbono, compensación y proyectos de absorción de dióxido de carbono.

- Período mínimo de permanencia do proxecto de 30 anos, durante os cales levaranse a cabo as accións necesarias para o desenvolvemento e mantemento da plantación ou rexeneración, segundo un plan de xestión establecido.
- Unha vez alcanzado o período de permanencia establecido, a nova masa boscosa deberá cumprir as seguintes características:
 - Superficie mínima de 1 hectárea.
 - Cuberta mínima polas copas das árbores: 20% en madurez.
 - Altura potencias das árbores: 3 m en madurez.
- Debe demostrarse a execución do proxecto, e a súa posta en marcha foi posterior á campaña de plantación 2012-2013.
- O proxecto debe contar cun plan técnico de xestión para garantir o éxito e existencia da masa forestal, polo menos durante o período de permanencia establecido, e cumprir coa lexislación autonómica e nacional aplicable.

O proxecto incorpora tamén o cálculo das absorcións de carbono que deben ser contabilizadas para o rexistro, distinguindo dous tipos de cálculos:

- A futuro (ex ante) a partir de la calculadora de proxectos de absorción desenvolvida para o rexistro, que proporciona estimacións de crecemento por especie forestal e intensidade de xestión, e permite coñecer de xeito aproximado as absorcións esperadas durante a execución do proxecto.
- Real (ex post) a partir de datos reais tomados de inventario da masa forestal nun momento determinado, en ciclos de 5 anos.

No momento da inscrición do proxecto so poden ser rexistradas o 20% das absorcións futuras (ex ante), destas, un 10% teñen que se cedidas á bolsa de garantía, quedando o resto como as chamadas absorcións dispoñibles, das cales o promotor do proxecto pode efectuar a súa retirada.

Posteriormente á inscrición, hai que facer un seguimento cunha periodicidade de 5 anos, presentando información sobre o estado do proxecto para garantir que se desenvolve e segue cumprindo cos requisitos e actualizar o cálculo de absorcións a partir de datos reais (ex post) cando sexa factible.

Comercialización

O Rexistro de proxectos publicará e dará publicidade aos proxectos de absorción rexistrados para ofrecer os créditos de CO₂ ás organizacións interesadas en compensar a súa pegada.

No hai un prezo fixado para os créditos de carbono, este será o que acorden entre o promotor e a organización inversora.

Para obter maior información sobre SE e proxectos de absorción de CO₂ consultar equipos técnicos profesionais, como os de Bioeco2 ou de Ence Terra.

ANEXOS

Especies do ANEXO 1 Lei de montes 4.3.

Coníferas


- Piñeiro silvestre: *Pinus sylvestris* L.
- Teixo: *Taxus baccata* L.


Frondosas

- Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.
- Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.
- Bidueiro: *Betula* sp.
- Freixo: *Fraxinus excelsior* L.
- Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.
- Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.
- Castiñeiro híbrido: *Castanea x híbrida* (resistente tinta)
- Cerdeira: *Prunus avium* L. Carballo: *Quercus robur* L.
- Cerquiño: *Quercus pyrenaica* Will.
- Sobreira: *Quercus suber* L.
- Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.
- Aciñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp. / *Quercus rotundifolia* Lam.
- Abeleira: *Corylus avellana* L.
- Faia: *Fagus sylvatica* L.
- Umeiro: *Ulmus glabra* Huds. / *Ulmus minor* Miller.
- Loureiro: *Laurus nobilis* L.
- Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.
- Capudre: *Sorbus aucuparia* L.
- Nogueira: *Juglans regia* L.
- Érbedo: *Arbutus unedo* L.

Máis información sobre aproveitamentos:

Enlace a DECRETO 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.





The map illustrates the geographical features of Galicia, including the Atlantic Ocean to the west, the Cantabrian Mountains to the north, and the Iberian Peninsula to the south. Key locations marked include A Coruña, Santiago de Compostela, and Lugo. The map also shows the Ría de Arousa and the Ría de Ulla.

Galicia

Galicia litoral

Sierra do Courel e Ancares

Galicia meridional

Montañas y mesetas interiores de Galicia

Litoral astur cántabro

Vertiente septentrional cantábrica

Vertiente meridional cantábrica montes da Maragatería

Especie	Cultivo	CL	ON	HS
<i>Acer pseudoplatanus</i>	Pradairo			
<i>Alnus glutinosa</i>	Ameneiro			
<i>Betula pubescens</i>	Bidueiro			
<i>Castanea sativa</i>	Castiñeiro			
<i>Fagus sylvatica</i>	Faia			
<i>Fraxinus angustifolia</i>	Freixo			
<i>Fraxinus excelsior</i>	Freixo común			
Híbridos de <i>Castanea</i>	Castiñeiro híbrido	CL ON		
<i>Pinus pinaster</i>	Piñeiro bravo			
<i>Pinus radiata</i>	Piñeiro insigne			
<i>Prunus avium</i>	Cerdeira			HS
<i>Pseudotsuga menziesii</i>	Piñeiro de Oregón			HS
<i>Quercus ilex</i>	Aciñeira			
<i>Quercus petraea</i>	Carballo albar			
<i>Quercus pyrenaica</i>	Cerquiño			
<i>Quercus robur</i>	Carballo			
<i>Quercus rubra</i>	Carballo americano			
<i>Quercus suber</i>	Sobreira			
<i>Sorbus aucuparia</i>	Capudre			
<i>Ulmus glabra</i>	Olmo			

CRÉDITOS

Elaborado por Asociación BIOECO2

www.bioeco2.com

info@bioeco2.com

Autores:

David Pérez Díaz

Pilar Orol Mel

Oscar Santaclara Estévez

Manuel Barreiro Lubián

Gloria Bustingorri

Manuel Beiro Lago

Isabel Rancaño Argul

Ilustraciones:

Manuel Beiro

Edición:

Cordelia Pickford

www.cordeliapickford.com

Financiación:

Proxecto financiado polo Plan Social de Ence.



MANUAL PARA HERDEIROS FORESTAI